

VII Congreso

Confederación
Intersindical
Galega



Relatorio Acción Sindical

27-28 maio 2017



Sindicalismo Nacionalista e de clase

1.- Contexto político internacional

A caída da URSS e das democracias populares e a globalización neoliberal permitíronlle ao capital expandirse nestas tres últimas décadas. Unha expansión que abrangueu novos espazos territoriais (convertendo Asia oriental na fábrica do mundo), e sectores de actividade (coa mercantilización e privatización crecentes dos servizos públicos). Mais este proceso tamén deixou ao descuberto os aspectos máis crus da súa identidade e que se albisquen mellor os seus límites. Acentuáronse tendencias regresivas que afectan ao ámbito laboral, social e da soberanía nacional e popular. Estes retrocesos foron contestados con mobilizacións laborais e sociais, e coa procura de vías máis redistributivas por algúns gobernos que cuestionaron en maior ou menor medida o imperialismo e pretenderon suavizar os efectos máis negativos do capitalismo.

Os grandes avances científico-técnicos das últimas décadas puxéronse ao servizo da concentración e centralización do poder e da riqueza, dinámicas consubstanciais ao capitalismo. Isto favoreceu o control da información e da cultura de masas, a financeirización da economía e os tratados de libre comercio. Acentuouse o intervencionismo imperialista (tamén no plano militar cando as elites o consideraron necesario), aproveitando unha correlación de forzas favorábel. Neste aspecto, hai que destacar a importancia dun complexo industrial-militar para o cal a guerra significa unha actividade económica moi lucrativa, e que nos Estados Unidos é moi relevante. Paralelamente, a globalización aumentou a man de obra de reserva, contribuíndo a reducir os ingresos directos e indirectos da clase traballadora (migracións masivas, desfeita do modelo agrario e comercial familiar, das economías de ámbito local). Para ese fin (intensificar a explotación da forza de traballo), reducíronse tamén dereitos laborais e sindicais, nomeadamente en materia de negociación colectiva e liberdade sindical.

Todo isto permitiu unha inmensa expansión das multinacionais dos países centrais do sistema e por suposto das grandes fortunas, grazas a lexislacións e achegas dos gobernos que os favoreceron especialmente, xunto coa deslocalización, as economías de escala, a capacidade para o comercio exterior e a “enxeñaría” fiscal, ou a pura especulación. Como resultado, as 100 multinacionais máis grandes teñen un valor semellante ao PIB dos Estados Unidos. Entre elas, 54 son dese país, 11 de China, 7 británicas, 5 alemás, 4 francesas e 4 xaponesas.

Os avances do capitalismo tamén se deron no eido ideolóxico e político, e polo tanto na construción do imaxinario colectivo. Isto reflectiuse loxicamente nun aumento da hexemonía do imperialismo, aínda que en distinto grao, segundo a rexión do mundo e a nación. Teñamos en consideración que a deslocalización da produción industrial cara a Asia Oriental deu lugar a un inmenso crecemento da clase obreira, que favoreceu o fortalecemento das organizacións sindicais e da loita reivindicativa. Esta vive unha tendencia ascendente da cal son exemplos a folga xeral na India en setembro de 2016 cunha participación de 150 millóns de persoas, ou as repetidas folgas do téxtil en Bangladesh, entre outras moitas. A globalización neoliberal, malia a destrución de países, a desfeita ecolóxica, o retroceso en dereitos democráticos e laborais (especialmente significativos en Occidente), asúmese hoxe con normalidade, mesmo como expresión de modernidade. Algo que se evidencia na intervención exterior das potencias dominantes coa escusa de motivacións “democráticas” ou “humanitarias”. Un paternalismo interesado detrás do cal se agochan os intereses imperialistas. Esta actitude, que obvia ou deforma as cuestións de fondo, reproducécese no relativo ás migracións masivas (forzadas polo modelo imperante), así como na actitude diante dos tratados de libre comercio e os procesos de integración rexional. Todo está ao

1 servizo das empresas transnacionais, dos investidores especulativos, ou sexa das grandes
2 fortunas; competindo os países entre si para lles garantir imposicións fiscais máis baixas, e
3 outorgándolles ademais supremacía legal, por riba da soberanía nacional e popular.

4 Agora ben, malia esta inmensa concentración de poder e de riqueza, pódese afirmar que
5 o medre da economía é moi débil en todo o mundo nesta etapa, que a crise que comezou
6 no ano 2008 non está totalmente superada, e que hai moitas posibilidades de que volva
7 en forma de novas burbullas (por exemplo, da débeda soberana, do endebedamento con
8 tarxetas de crédito, ou da especulación inmobiliaria novamente). Ademais, o crecemento
9 non é homoxéneo, xa que é forte na zona do Pacífico e feble na área do Atlántico, con
10 consecuencias directas sobre as taxas de paro, os salarios e os servizos sociais. Porén,
11 en todo o mundo existen aspectos comúns: o aumento da precariedade laboral e das
12 desigualdades sociais, o medre das rendas do capital no reparto do PIB en detrimento das
13 rendas salariais. Outro aspecto determinante é que o crecemento do PIB mundial é cada
14 vez menor, coa gravidade que isto ten para un sistema, como o capitalista, que necesita
15 dunha constante expansión.

16 Segundo o informe mundial sobre salarios da OIT (2012-2013), en 16 economías “desen-
17 volvidas” a proporción no PIB das rendas do traballo pasou do 71,98% en 1970 ao 63,27%
18 en 2010. Aínda que en menor proporción, a porcentaxe tamén diminuíu en 16 economías
19 “en desenvolvemento”, pasando do 62% en 1990 ao 58% en 2007. Esta tendencia tamén se
20 reflicte en China e a India. En Galiza, no ano 2014 representaba o 45,14% do PIB. Segundo
21 esta mesma institución, a produtividade nos países “desenvolvidos”, en relación a 1999
22 aumentou nun 14,6% en 2011, mentres que os salarios neste mesmo período medraban
23 só nun 5,9%, pondo en evidencia a transferencia de máis-valía ao capital.

24 De se manter a actual tendencia no eido económico e militar, a correlación de forzas entre
25 potencias modificarase no futuro inmediato, dando lugar a un mundo multipolar, no cal os
26 Estados Unidos terán que compartir con China (por factores principalmente económicas) e
27 con Rusia (polo seu poder militar) protagonismo e capacidade de decisión. Isto intensificará
28 a disputa polo poder, os mercados, os recursos naturais, as rutas comerciais e as fontes de
29 lucro. Sen dúbida este escenario non será aceptado placidamente por Washington e os seus
30 aliados, malia o fracaso militar en Siria, e o estancamento en Iemen e en Ucraína, ou como
31 amosa o confronto con Pequín no “Mar do Sur de China”. O límite superior dese confronto
32 pode ser a ameaza dunha guerra nuclear. Considerando a importancia nos Estados Unidos
33 do complexo industrial-militar e os intereses financeiros e tecnolóxicos vinculados a el, non
34 é casual a crecente e perigosa acumulación de tropas e armamento da OTAN e aliados nas
35 fronteiras de Rusia e China.

36 Tamén existe a posibilidade dunha saída negociada. Porén, os pactos no marco do
37 capitalismo na súa etapa senil nin son doados nin son moi estábeis, ante todo porque o
38 sistema se basea nunha concorrencia extrema e na procura do máximo lucro. Así mesmo,
39 de non se corrixir dalgún xeito a tendencia actual, terminaría relegando definitivamente os
40 Estados Unidos e aliados do centro do sistema. E isto é o que coloca Trump sobre a mesa
41 cando acusa a Pequín de manipular a súa moeda, para facer máis baratas (competitivas)
42 as súas exportacións. China xa non é só un produtor de bens de baixa calidade. Deixou de
43 ser unha economía auxiliar (subordinada ás transnacionais) para se converter nun compe-
44 tidor en todos os ámbitos. Mesmo ten empresas que deslocalizan parte da súa produción
45 a países con salarios máis baixos (Vietnam, Etiopía, etc.), ou que invisten nas potencias
46 hexemónicas, disputando relacións de preferencia para obter materias primas e recursos
47 enerxéticos cada vez máis cobizados debido á súa limitación.

1 A recente crise deixou patente que medrou moito a confrontación dentro da propia bur-
2 guesía. Isto exprésase na tensión entre as potencias e nas crecentes agresións externas,
3 e no plano interno, en cada país, entre sectores empresariais favorecidos ou prexudicados
4 pola globalización. Daquela que no ámbito económico existan tendencias globalizadoras
5 moi fortes por unha banda, e ao mesmo tempo, se promovan medidas proteccionistas para
6 tratar de recuperar certas actividades económicas. Neste intre, na burguesía, as diverxencias
7 non gardan relación coas políticas neoliberais (desregulación laboral, privatización dos ser-
8 vizo esenciais, fiscalidade con criterios regresivos, desigualdade, etc.), senón coa disputa
9 do excedente, do lucro. A confrontación obedece a un exceso de produción, a escaseza
10 de recursos enerxéticos e de determinadas materias primas. Os triunfos do Brexit ou de
11 Trump son expresións desta disputa no seo da oligarquía, na que o sector que se sente
12 desprazado utiliza demagoxicamente aspectos sociais sentidos polas clases populares
13 como engado electoral.

14 Ficamos nunha conxuntura, nun momento histórico no que están abertos varios escena-
15 rios posíbeis. Nun período no que se vai decidir se se manterán as hexemonías actuais, ou
16 sexa, dos Estados Unidos e aliados, ou se van ter que compartilas con China e Rusia, e que
17 forma adquirirá ese mundo multipolar. Todo indica que a globalización non vai desaparecer,
18 nin o neoliberalismo, aínda que pode reducirse a primeira e modificarse nas formas. Por
19 exemplo, de se manter a confrontación entre potencias, pódense formar bloques económi-
20 cos e militares, reproducindo formas da Guerra Fría. Na práctica, é o que está a acontecer
21 xa hoxe. Ese proceso pódese acelerar nos vindeiros anos, e a tendencia dominante leva a
22 pensar que Washington e aliados perderían parte da súa presenza e incidencia en países da
23 periferia. Outra porta que fica medio aberta sería a que permitiría que as potencias rexionais
24 teñan no futuro un maior protagonismo (a India, Sudáfrica, Turquía, Irán, Brasil, Indonesia,
25 etc.) reforzando o mundo multipolar. Todos os escenarios están abertos. Evidentemente
26 uns son máis probábeis que outros. Nese contexto pódense dar condicións máis propicias
27 para as forzas de liberación nacional e social se saben aproveitar as contradicións entre as
28 potencias para os seus propios obxectivos.

29 O medre das tensións na Unión Europea, e o aumento da oposición social e política á
30 globalización e o neoliberalismo, son a expresión de que existe un marco obxectivo propicio
31 para cambios sistémicos. Un indicio diso son, por exemplo, as mobilizacións no 2016 contra
32 a reforma laboral do Partido Socialista en Francia, que duraron varios meses e nas que os
33 traballadores/as participaron masivamente con folgas, manifestacións, ocupacións, cortes
34 de luz, e contaron co apoio estudantil, expresando o fondo malestar da clase traballadora
35 na segunda potencia da Unión Europea.

36 A consolidación dun mundo multipolar representaría polo tanto un salto adiante, xa que
37 aumentarían as diverxencias, e as fendas, entre os centros de poder. Hai que ter en consi-
38 deración, ademais, que as clases dominantes fixeron un grande esforzo para inducirnos a
39 identificar e asociar: globalización e neoliberalismo con progreso e futuro, e loita nacional e
40 popular con atraso e guerra; xeración de emprego con precariedade e limitación dos salarios.
41 Un mundo multipolar cuestionaría, en parte, esta visión unipolar. Hoxe hai guerra nos catro
42 cantos do planeta. Coa globalización houbo gañadores, mais sobre todo perdedores/as.
43 Daquela que un mundo multipolar sería un contexto con maiores posibilidades para que as
44 pequenas nacións (como Galiza) poidan gañar en soberanía, e deste xeito defender mellor
45 seus intereses. Este tamén sería un marco máis propicio para as clases populares, e moi
46 especialmente para a clase traballadora na loita por unha sociedade máis xusta, igualitaria
47 e solidaria. Agora ben, estes obxectivos son contrarios ao capitalismo, e como as burgue-

1 sías non se suicidan, só será posíbel aproveitar as súas diverxencias internas se existen
2 fortes organizacións políticas, sindicais e sociais. Neste aspecto é esencial a coordinación
3 internacional con outras forzas que compartan obxectivos semellantes, mesmo se as tarefas
4 principais de cada organización sempre son as nacionais. Existe unha relación dialéctica
5 (de interdependencia) entre os cambios en cada nación e os que se producen no mundo.
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

2.- Contexto socioeconómico e laboral

2.1. Afondamento no modelo de capitalismo neoliberal

A crise económica mundial de carácter estrutural, iniciada a finais do 2007, está a ser utilizada polo capital transnacional para afondar no modelo de capitalismo neoliberal, incrementar a súa marxe de beneficios, concentrar e centralizar aínda máis a riqueza e o poder e sobreexplotar e debilitar a clase obreira. Todo isto está a facelo utilizando diferentes vías:

1. Mantendo o modelo de economía especulativa, fronte ao modelo de economía produtiva, no que se especula co prezo da vivenda, do petróleo, da débeda pública, dos cereais... Un modelo de economía que non produce riqueza pero si un importante lucro para os especuladores, ao tempo que xera un enorme volume de capital ficticio -capital investido en títulos de crédito (accións, obrigacións, derivados de toda especie, etc.)- que supera con moito o capital real e que está na orixe da crise estrutural do sistema.
2. Buscando novos nichos de negocio a través da privatización de servizos públicos (ensino, saúde, auga, enerxía...), da asistencia social (residencias da terceira idade, centros de día, atención a dependentes...), da protección social (sistema privado de pensións, axencias de colocación...) ou das poucas empresas que aínda quedan de titularidade pública en sectores estratéxicos da economía (financeiro, enerxético, telecomunicacións, infraestruturas...). Estamos a falar dun negocio de miles de millóns de euros que afecta á calidade de servizos, a dereitos básicos e á calidade de vida da cidadanía e que se van a ver sensibelmente empeorados coa súa privatización.
3. Mediante unha política fiscal inxusta, discriminatoria, elitista, que reduce os impostos directos ás rendas máis altas, ás grandes fortunas e ás grandes empresas, ao tempo que incrementa os impostos indirectos con grave prexuízo para a economía das clases traballadoras. Mantéñense os paraísos fiscais como principal vía de evasión de impostos e branqueo de diñeiro procedente de actividades como o tráfico de armas, as drogas ou a prostitución.
4. Promovendo a precarización do mercado laboral e a sobreexplotación da clase traballadora. A isto obedecen precisamente as contrarreformas laborais en materia de contratación, xornada laboral, despedimentos, etc., ou a contrarreforma na negociación colectiva, aprobadas polo Goberno español do PP, coas coñecidas consecuencias de depreciación salarial, perda da calidade do emprego e da protección social, incremento das desigualdades sociais e debilitamento da capacidade reivindicativa da clase traballadora.
5. Mediante un proceso de compra ou unificación de empresas por parte dos grandes grupos económicos, coa conseguente concentración e centralización da riqueza e oligopolización dos mercados e do poder económico. Nos últimos vinte anos, en todos os sectores da economía no Estado español, produciuse, e séguese a producir, un proceso de concentración do capital en poucas mans. No sector enerxético, nas telecomunicacións, na banca, no agroalimentario, etc. No sector eléctrico as tres principais empresas do sector (Endesa, Iberdrola e Fenosa Gas Natural) controlan o 80% do mercado. No sector dos combustíbeis pasa o mesmo tamén coas tres grandes empresas (Repsol, Cepsa e BP). No sector da telefonía o mercado está en mans de tres empresas (Movistar, Vodafone e Orange). No sector financeiro, cinco bancos (Caixabank, Santander, BBVA, Bankia e Sabadell) controlan o 60% do negocio bancario. O 70% do mercado

1 de produtos cárnicos está en mans de catro empresas. Cinco grupos controlan o 50%
2 do mercado de froitas e verduras. O 60% do mercado do leite e controlado por catro
3 empresas. Procesos similares están a darse a nivel europeo e mundial.

4 6. Mediante a utilización en beneficio propio por parte do capital dos avances tecnolóxicos.
5 A chamada 4ª Revolución Industrial, vinculada a incorporación ao proceso produtivo
6 da informática, a dixitalización e en xeral as novas tecnoloxías da información e da co-
7 municacón, estase a facer de forma máis rápida que as anteriores e de maneira máis
8 globalizada.

9 É unha evidencia que no capitalismo estes avances tecnolóxicos e do coñecemento,
10 non son utilizados pensando en mellorar as condicións laborais da clase traballadora ou en
11 favorecer o reparto do traballo e a creación de emprego, vía redución da xornada laboral,
12 tendo en conta que en función deses avances tecnolóxicos é posíbel producir moito máis
13 con menos horas de traballo e xerar máis riqueza. Este avance tecnolóxico e do coñece-
14 mento está a ser controlado polas grandes corporacións económicas e usado en beneficio
15 propio, afianzando aínda máis o seu poder económico e político e mesmo, en moitos casos,
16 a súa información e o seu control sobre a propia poboación (gustos de consumo, formas
17 de pensar, etc.)

18 Pois ben, todo indica que nos próximos anos, no próximo decenio, o proceso de ro-
19 botización e informatización do proceso produtivo vai a ter un avance enorme, tanto en
20 rapidez na implantación como na dimensión dos sectores que vai abarcar, co que iso vai
21 supor de destrución de postos de traballo (o propio Foro Económico Mundial de Davos, na
22 súa reunión do ano 2.016, reconece que o proceso de dixitalización reducirá en 5 millos os
23 empregos ata o 2.020, por cada 2 millóns que se creen destruíranse 7 millóns) e de incre-
24 mento das marxes de beneficio para o capital. Isto, xunto coa precarización do mercado
25 de traballo, vai producir un sector cada vez maior da poboación en situación de pobreza e
26 de marxinalidade social.

27 Estamos pois diante dun importante desafío para a clase traballadora e para as organi-
28 zacións sindicais na medida en que vai supor cambios no mundo laboral: incremento dos
29 índices de desemprego, cambios nas condicións de traballo e nos ingresos da seguridade
30 social, incrementos da produtividade vinculados ás novas tecnoloxías, novos perfís de
31 novas empresas e de novos postos de traballo, en definitiva cambios no modelo relacións
32 sociais de produción. Compre pois que a central sindical, no transcurso deste ano 2107,
33 leve adiante un traballo de afondamento nesta materia, mediante a realización de estudos
34 e dunhas xornadas específicas que nos permitan teorizar sobre este tema e sacar unhas
35 conclusións nas que basear a nosa práctica e as nosas alternativas a esta problemática.

36 A toda esta estratexia e intereses do capital, descrita nos apartados numerados ante-
37 riores, obedecen tamén os Tratados de Libre Comercio e Investimentos, como é o caso
38 do TTIP (con EEUU) ou do CETA (con Canadá), na medida en que supoñen unha maior
39 desregulación, flexibilización e desvalorización da lexislación e das normativas en materia
30 laboral, ambiental, alimentaria ou de servizos, co conseguinte retroceso no control sobre
41 a calidade do ambiente, da alimentación ou da saúde das persoas, así como das condi-
42 cións de traballo e de vida das clases traballadoras, fronte a un reforzamento do poder do
43 capital transnacional respecto da cidadanía e dos propios Estados. A perda de soberanía
44 destes últimos, como consecuencia do asinamento destes Tratados, sería tal, que ademais
45 de poder ser cuestionada e recorrida a lexislación presente, se se considera que dificulta
46 o libre comercio entre as partes asinantes, quedaría tamén absolutamente condicionada
47 a lexislación futura que puidesen aprobar os parlamentos dos diferentes Estados, se esta

1 atenta ou pon en perigo as marxes de beneficios que contan obter os investidores -léase o
2 capital financeiro internacional- dos seus investimentos neses estados.

3 A este modelo económico e social de capitalismo neoliberal responde tamén o modelo
4 de UE que se está a construír. Son precisamente institucións europeas como o Banco Cen-
5 tral Europeo (BCE), a Comisión Europea (CE) ou a sección europea do Fondo Monetario
6 Internacional (FMI) os principais impulsores de medidas como: as reformas laborais, da
7 negociación colectiva ou das pensións; os recortes no investimento público a través dos
8 Plans de Estabilidade Orzamentaria; a especulación coa débeda pública e a priorización da
9 súa devolución, por parte dos Estados aos bancos, mesmo por diante de calquera gasto
10 social; a privatización dos servizos públicos e dos sistemas públicos de protección social
11 ou os durísimos plans de axustes vinculados ao suposto “rescate” dos Estados da periferia
12 con problemas económicos. Un modelo político fortemente centralista, negador dos dereitos
13 das nacións sen Estado que a integran; defensor de políticas cada vez máis retrógradas en
14 materia económica, social, de liberdades públicas ou de dereitos humanos (sirva de exemplo
15 disto último o que está a acontecer coas persoas refuxiadas) e sempre ao servizo e baixo
16 o control do capital financeiro e das principais potencias económicas europeas. Estamos a
17 falar pois dunha UE pensada institucional e lexislativamente (Tratado de Maastricht, Tratado
18 de Lisboa...) para impor un modelo económico e social neoliberal en toda Europa. Unha
19 UE que é a principal aliada da estratexia imperialista de EUA, no norte de África e Oriente
20 Medio, coas súas intervencións militares, directas ou indirectas, para desestabilizar toda a
21 zona e favorecer o control, por parte das grandes corporacións económicas occidentais,
22 dos recursos enerxéticos aí existentes.

25 **2.2. A imposición do modelo de precarización do mercado laboral**

27 Existe unha aposta estratéxica do capital, na etapa actual, por promover un modelo de
28 relacións laborais precarizado, a todos os niveis, que lle permita incrementar a súa marxe
29 de beneficios ao tempo que debilita a clase traballadora.

30 O capital está a aproveitar a crise económica, e a propia debilidade do movemento obreiro,
31 para desmantelar e provocar un retroceso nas condicións de traballo e nos dereitos laborais
32 e sociais, conseguidos pola clase traballadora durante anos de loita e nunha correlación de
33 forzas favorábel ao movemento obreiro e á esquerda ideolóxica e política.

34 A esta estratexia obedecen as sucesivas contrarreformas laborais en materia de contrata-
35 ción, despedimento, xornada laboral, prestacións por desemprego ou negociación colectiva.
36 Trátase de flexibilizar, desregular e individualizar as relacións de traballo, quitándolle peso
37 e operatividade aos convenios colectivos, forzando unha maior división, inseguridade e
38 insolidariedade entre a clase traballadora, coa idea de que termine por impor un dos gran-
39 des obxectivos que persegue a patronal, que a negociación das condicións de traballo se
40 faga de forma individual e non colectiva, coas consecuencias que iso tería no debilitamen-
41 to organizativo e capacidade reivindicativa da clase traballadora e como consecuencia
42 na deterioración dos seus dereitos e das súas condicións de traballo. Esta sería a mellor
43 garantía para o capital de saír triunfante nas súas políticas e no seu modelo económico,
44 laboral e social neoliberais, así como de acabar co carácter tuitivo do dereito do traballo e
45 de desmantelar o sistema público de protección social.

46 A terceirización da produción; a subcontratación en cadea; a legalización da figura con-
47 tractual do autónomo economicamente dependente para legalizar miles de contratos en

1 fraude de lei, pois realmente se trata de traballadores e traballadoras por conta allea (falsos
2 autónomos); a utilización de cooperativas no proceso produtivo de certas empresas, para
3 tirar abaixo os custos de produción e as propias condicións laborais dos/as asalariados/as da
4 empresa principal; o incremento da temporalidade e dos contratos por horas, que agochan
5 unha enorme fraude no volume real de horas traballadas e non cobradas nin cotizadas, ade-
6 mais de facer inviábel en moitos casos o compatibilizar máis dun contrato; a dupla ou tripla
7 escala salarial dentro das empresas; a aparición do asalariado/a pobre, unha persoa que,
8 malia ter traballo, o seu salario é tan baixo que non lle permite superar os niveis de pobreza.

9 Estamos a falar dunha precarización do traballo que, aínda que afecta principalmente á
10 xente moza e ás mulleres, cada vez máis se estende a xente de todas as idades e sectores
11 produtivos, aumentando naqueles sectores nos xa existía antes, como é o caso da hostalaría,
12 limpeza, comercio, construción, etc., e instalándose en sectores en que era pouco habitual,
13 como é o caso de toda a área pública ou en torno das grandes empresas. Ten ademais
14 outra característica como é o feito de que non só afecta a traballadores/as de baixa cualifi-
15 cación profesional senón que cada vez máis afecta tamén a persoas cualificadas, mesmo
16 con estudos superiores.

17 Estase a conformar pois unha subdivisión no seo da clase traballadora, o precariado,
18 con baixos salarios, escasos dereitos e protección social, sen estabilidade no emprego,
19 cunha enorme incerteza no seu futuro, en continua rotación entre o desemprego-emprego-
20 desemprego e con moi baixa afiliación e participación na dinámica sindical. Este sector de
21 traballadores/as esixe da central sindical unha especial atención, organización e solidarie-
22 dade, para evitar que caian no individualismo, na insolidariedade e na exclusión, e ao tempo
23 que se vexan acompañados na defensa dos seus dereitos, fronte a sobreexplotación e os
24 abusos de que son vítimas por parte da patronal.

25 Pois ben, toda esa realidade descrita nos parágrafos anteriores, responde a ese modelo
26 de relacións laborais precarizado que quere impor o capital en todo o mundo, mesmo nos
27 estados da propia Unión Europea, que sempre se caracterizou, con diferenzas notábeis
28 entre os propios estados, por ter un dos modelos de relacións laborais e de protección
29 social dos máis avanzados do mundo.

30 En Galiza a combinación entre a precariedade laboral e os altos índices de desemprego,
31 tradúcese na emigración todos os anos de miles de mozos e mozas galegas, cara a outras
32 partes do Estado ou da Europa, en busca dun emprego e en condicións máis dignas de
33 traballo, coas graves consecuencias económicas e sociais que isto supón para o noso país.

34 Temos pois que ter moi presente na nosa acción sindical esta nova realidade no mun-
35 do do traballo, perfeccionando e adaptando os nosos métodos de traballo, pero co firme
36 convencemento de que o noso modelo de sindicalismo de contrapoder, de contido socio-
37 político e antipacto social, de clase e nacionalista, é o máis acertado e necesario, tamén
38 nesta nova realidade sociolaboral e política. A debilidade que ten hoxe o movemento obreiro
39 derivada da crise económica, da perda de emprego e de dereitos e de retroceso en materia
40 de lexislación laboral, non é algo novo pois vén incrementar a debilidade que xa tiña de
41 anos anteriores, e que ten moito que ver co sindicalismo de pacto social practicado polo
42 sindicalismo españolista, desde o inicio da Transición.

43 Os sucesivos pactos sociais, xunto co acondicionamento da práctica sindical a esa visión
44 estratéxica e ideolóxica dos conflitos derivados da loita de clases, non só non supuxeron
45 grandes avances en dereitos e condicións de traballo, senón que mesmo permitiron que se
46 consolidase o retroceso nestes, ademais de introducir no seo da clase obreira algo tan negativo
47 para a defensa dos seus intereses de clase como é a desideoloxización e a desmobilización.

1 A política de pacto social nunca pode ser un fin en si mesmo, dentro do sistema capita-
2 lista. Non se pode polo tanto converter en algo estratéxico para o movemento obreiro, como
3 así a conciben o sindicalismo maioritario españolista, representado por CCOO e a UGT. A
4 negociación, o diálogo social, é algo táctico, un medio para buscar acordos coa patronal
5 ou coas institucións públicas na procura de conseguir melloras para a clase traballadora,
6 en materia laboral ou social. Melloras que van depender da correlación de forzas e que en
7 moitos casos van ter que ir precedidas da mobilización da clase traballadora, ao estar en
8 confronto intereses de clase antagónicos. Polo tanto, o que temos que buscar os sindicatos
9 de clase son aqueles métodos e aqueles escenarios que nos axuden a crear unha corre-
10 lación de forzas favorábel á clase traballadora, para este confronto de intereses, e non un
11 escenario que a debilite, que é o escenario que crea o sindicalismo de pacto social.

12 O que está pois en xogo é dunha enorme transcendencia para o noso futuro como clase
13 e esixe de nós unha resposta contundente a todos os niveis, e de forma especial en todo o
14 que ter a ver co reforzamento organizativo, a concienciación e mobilización social.

15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

1 **3.- A nosa situación no contexto do Estado e da UE**

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

No VI Congreso analizamos as consecuencias da crise en Galiza, mantendo plena vi-xencia estas, mais cómpre ver como están repercutindo as transformacións económicas, sociais e políticas que se están a producir, nunha realidade galega encadrada no complexo funcionamento do sistema económico neoliberal, do Estado español e da UE.

Unha UE que cada día que se prolonga a crise manifesta máis a súa inxusta e antide-mocrática razón de ser. A UE, dos grandes Estados, da moeda única, do mercado de libre concorrencia e libre circulación de persoas, capitais e mercadorías, como mellor forma de concentración da riqueza e da actividade económica nos Estados do centro do sistema, especialmente Alemaña e Francia, e nas grandes corporacións transnacionais europeas, sobreexplotando os pobos da periferia da UE e as nacións sen Estado, como Galiza.

No Estado español, durante estes anos de maioría absoluta, o PP, en coherencia coas súas profundas conviccións españolistas e dereitasas, levou a cabo un desapiadado saqueo á clase traballadora e unha enorme estafa social. Desde o cumprimento das instrucións ditadas pola Troika comunitaria para afrontar a crise e a problemática da débeda pública ilexítima, pasando polo chamado rescate da UE ao sector bancario e unha planificada e completa programación de contrarreformas e desmantelamento dos dereitos laborais, sociais e das liberdades públicas, imposición dunha inxusta reforma fiscal, privatizacións de servizos públicos, eliminación e recorte de servizos sociais, repagamentos de medicamentos, etc., así como unha dura ofensiva de concentración da riqueza a través dunha intensa recen-tralización económica e política, deixando na práctica sen efecto, en moitos e importantes asuntos, as xa limitadas capacidades e competencias das CC.AA.

Cómpre chamar atención sobre como esta profunda crise económica tamén está acom-pañada dunha importante crise política, mesmo do réxime nacido na Transición, aparecen-do situación novas e contraditorias en canto ás súas consecuencias, marcadas por dous feitos. O primeiro, a ausencia dunha maioría absoluta no Congreso dos Deputados, que abre posibilidades para a derogación das leis responsábeis do recorte de dereitos durante estes anos. E o segundo, a crise do réxime nacido na Transición, no que son evidentes os intentos e diferentes empeños que se están a facer, polos diferentes poderes do Estado e polos partidos políticos españois maioritarios, para evitar o cuestionamento e superación do réxime xurídico político imposto pola Constitución española do 1978, pola vía de dar solución ás reivindicacións do recoñecemento legal dos dereitos nacionais de Catalunya, Euscadi e Galiza.

En todo caso, a realidade é que a toma de decisións e acordos polo sistema político español, polo Goberno do PP no Estado, pero tamén en Galiza, responden á idea da cen-tralización, como mellor fórmula para a concentración da riqueza nunha oligarquía máis fervorosamente españolizadora. Impóñense decisións políticas que rouban e saquean as maiorías sociais pero, por riba, someten a máis pobreza as clases populares das nacións periféricas como a galega. A xeración da riqueza vai parar a menos mans, cada vez máis enriquecidas e concentradas en territorios lonxe de Galiza. Xorden novas problemáticas e preocupacións sociais, novos sectores populares damnificados, que debuxan unha estampa, con trazos aparentemente comúns en todo o Estado español, pero que non provocan as mesmas consecuencias nos diferentes territorios.

No caso galego, resulta fácil exemplificar como son os efectos da crise na nosa situación económica, laboral e social, ademais de comprobar que a toma de decisións polo poder

1 político e económico do Estado e da UE, responde única e exclusivamente aos intereses
2 das grandes potencias. Somos vítimas das lóxicas de funcionamento do modelo neoliberal,
3 mais tamén de medidas aprobadas a través das grandes políticas europeas, mesmamente
4 contrarias ás normas do chamado libre mercado, que claramente discriminan e prexudican
5 os nosos sectores produtivos que aínda a día de hoxe, con todo o que nos teñen arrasado,
6 seguen ocupando os primeiros postos de produción do Estado español (naval, pero espe-
7 cialmente o sector agrogandeiro e pesqueiro).

8 A cabalo desta crise, refórzase o papel periférico no económico de Galiza, pervivindo o
9 seu rol colonial dentro do Estado español, económica e politicamente dependentes, aínda
10 que tendo unha estrutura económica cunha configuración e caracterización diferentes aos
11 de hai 40 anos, mesmo despois de pasar pola entrada no Mercado Común Europeo, polos
12 primeiros anos da imposición do euro e pola actual crise.

13 Afondouse o proceso de absorción de empresas galegas por empresas foráneas; pro-
14 duciuse o espolio e drenaxe para o exterior do aforro dos galegos e galegas, a través da
15 bancarización e venda das antigas caixas de aforro e continúaase coa explotación dos nosos
16 recursos naturais, así como da nosa capacidade de produción de enerxía, posta ao servizo
17 das grandes eléctricas e do desenvolvemento industrial fóra de Galiza, mentres de novo, e
18 con máis forza, subministramos man de obra barata a través da emigración.

19 As políticas de desmantelamento do sector pesqueiro e marisqueiro teñen provocado un
20 claro retroceso produtivo, cunha importante perda de empregos, dun 14,3% desde o 2009,
21 combinándose cunha política pesqueira baseada na acuicultura, especialmente represen-
22 tada pola nova PCC (Política Pesqueira Común), pensada para a privatización do mar da
23 man de grandes investidores e con claras consecuencias negativas sociais, económicas
24 e ambientais.

25 A aplicación dunha PAC, que destrúe as nosas explotacións en beneficio das multina-
26 cionais, está a verse hoxe reflectida nunha constante e brutal reconversión no agro, co
27 conseguinte abandono e desertización do rural. Estase configurando unha grave e perigosa
28 realidade na que só 1 de cada 4 habitantes viven da actividade agraria, ocupando o rural
29 o 75% do territorio galego. Fáiselle imposible a xente para que poida vivir do seu traballo,
30 mediante a imposición de prezos ridículos aos seus produtos, impedindo toda posíbel
31 alternativa, para logo ofrecerlles como mellor saída o monocultivo forestal de crecemento
32 rápido nas terras agrarias abandonadas.

33 A industria galega, que segue sen estar ligada nin articulada cos sectores primarios,
34 é incapaz de xerar emprego e de absorber a poboación expulsada da actividade agraria
35 e pesqueira, representando cada vez menos na ocupación laboral (a caída nos últimos 7
36 anos é de case do 4% da persoas asalariadas). Así é que, por unha banda, continúa a ser
37 exemplo de cemiterio industrial, polo peche de empresas por quebra ou por deslocalización
38 da produción. E por outra, a existencia de sectores importantes en concentración de man
39 de obra que corresponde, ou ben ás primeiras fases de transformación ou ás últimas de
30 produción, pero sen ter os ciclos produtivos pechados en Galiza.

41 O resultado de todo isto é unha estrutura produtiva que non completa o proceso de
42 transformación en Galiza e polo tanto as potencialidades en creación de emprego e valor
43 engadido; que sendo en moitos casos unha potencia produtora é dependente das grandes
44 transnacionais de distribución para ao acceso a bens de primeira necesidade, alimentos, etc.;
45 que non ten capacidade de controlar o excedente económico que xera para reinvestir no
46 país; que cada vez está máis ligado a sectores que xeran menos valor engadido e que son
47 paradigma da explotación laboral, como é o sector servizos (sobre todo hostalaría, turismo,

1 comercio, etc.), e onde a poboación ocupada se distribúe conforme a esta realidade: 6,86%
2 na actividade agro-pesqueira, 15,56% na industria e 70,68% servizos.

3 As súas consecuencias na situación laboral e social galega, como está reflectido nos
4 datos oficiais cos que vimos analizando o mercado laboral en Galiza, son: unha imparábel
5 destrución do emprego e perda de poboación activa, un alarmante retroceso demográfico
6 e o avellentamento da poboación, unha emigración maior e máis forzada, especialmente
7 da mocidade, unha caída xeneralizada dos salarios e das rendas do traballo no PIB, unha
8 privatización dos servizos públicos e redución do gasto público en ensino, sanidade, depen-
9 dencia e asistencia social. Así mesmo, medra a diario a explotación laboral e o asentamento
10 de forma permanente no mundo do traballo da precariedade, da xeración de empregos
11 esporádicos, a tempo parcial ou a través dunha cadea interminábel de subcontratación, o
12 aumento acelerado da miseria, da pobreza laboral, a estratificación da clase traballadora e
13 onde cada vez máis o circuíto desemprego-emprego está a verse superada por unha nova
14 forma, por quen non emigra, como é desemprego-emprego temporal–desemprego.

15 Na realidade, todo o que sucede pon en evidencia, tamén, o fracaso do sistema autonó-
16 mico e constitucional español, descaradamente contrario á clase traballadora galega, que
17 nos conduce á ruína, a unha situación social sen saída e a vivir en peores condicións que
18 as xeracións anteriores.

19 A gravidade desta situación chama a reclamar con máis forza, e mesmo coa necesidade
20 vital de podermos existir, conquistar a capacidade de decidir por nós mesmos/as para crear
21 desenvolvemento e benestar, como pobo galego e clases traballadoras, liberándonos das
22 decisións que por nós toman os gobernos españois e as institucións europeas en beneficio
23 do gran capital.

24 Por iso, cómpre sermos comprometidos/as e activos/as na popularización da reivindica-
25 ción dunha Galiza soberana para saírmos da crise con xustiza social, de aí que defendamos
26 que a soberanía nacional de Galiza é a única garantía para a conquista dos nosos dereitos
27 sociais e laborais.

28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

4.- As nosas alternativas

4.1. Na negociación colectiva

Análise destes últimos anos

O recente período de crise e as sucesivas reformas políticas que afectaron aos dereitos no mundo do traballo, modificaron cualitativamente a correlación de forzas que determina o conflito de clases entre capital e traballo. Precisamente isto pretendían as reformas laborais e de negociación colectiva instruídas antes polo PSOE e logo de xeito demoledor polo PP. A crise deu amparo a esta ofensiva contra a clase traballadora, en que o peche de empresas e o desemprego masivo debilitou enormemente a resistencia e forza da clase obreira. Un tempo histórico no que vimos como a nosa organización, a CIG, se viu impedida para aplicar o noso modelo sindical no que construíamos e dábamos forza a un Marco galego na negociación colectiva.

O ámbito galego, ao igual que o vasco, de xeito singular ascendía en dereitos normativos e daba continuidade, ano tras ano, a incrementos de salarios sempre en porcentaxe superior á media do Estado. A nosa específica aposta polos convenios provinciais de sector, ao que dábamos unha categoría de aplicación que afectaba a todas empresas como condición mínima, creaba un espazo de garantía colectiva nos dereitos que non permitía excepción.

A forza da CIG en numerosos convenios de sector determinou que o resultado de relevantes convenios aprobasen medidas excepcionais nas regulacións dos contratos, nas ETT, nas IT, nas xubilacións parciais e contratos relevos, na xornada, etc.; que posteriormente irradiaban ao resto de convenios en Galiza e mesmo no resto do Estado. Particularmente a ultraactividade estaba protexida no 60% dos convenios de sector antes da reforma de negociación colectiva, nun número sensibelmente maior ao resto do Estado, que non chegaba ao 30%.

Unha organización pensada para os convenios de sector

Desde a Transición política até hoxe, a CIG creceu organizándose para mobilizar ámbitos de sector, o que permitía amplificar o alcance dos convenios e concedía a oportunidade e obriga de facer un traballo participativo; un modelo assembleario no que dábamos sentido e identidade á condición de clase, na que se recoñecían todos e todas afectados por un mesmo convenio e nun resultado colectivo. Este é o valor máis transcendente do convenio de sector.

A nosa diferenza recoñécese na práctica dun sindicato galego e un modelo participativo, distante da negociación de cúpulas e acordos de superestrutura como os asinados, ano tras ano, polo sindicalismo español, CEOE e Cepyme en Madrid. O invento do diálogo social suplantou o protagonismo da clase traballadora; un modelo deliberado do capitalismo para impedir a acción sindical, o conflito natural de clases e a capacidade de que os traballadores e traballadoras poidan decidir sobre as súas condicións de traballo.

Tampouco é inocente o mandato imposto da reforma de negociación colectiva para que a supremacía dos convenios estatais se impoña a calquera outro ámbito provincial. Sabemos que este modelo dominado polo sindicalismo español impide a participación da clase traballadora e por tanto sométea aos resultados do “diálogo social”.

1 **A actualidade**

2 Logo de cinco anos da implantación das reformas laborais e de negociación colectiva
3 nun marco favorecido pola crise, as consecuencias son evidentes:

4 1º. O empobrecemento no resultado dos convenios con carácter xeral, coa excepción
5 das grandes e medianas empresas que resultaron menos afectadas na súa actividade
6 durante este período intenso de recesión. De xeito singular aquelas empresas nas que
7 a CIG domina ou ten representación maioritaria nos comités, lograron manter ou mel-
8 llorar as condicións de convenio. En contraste, naquelas empresas nas que a CIG non
9 é maioritaria ou está ausente na representación, o retroceso pódese diagnosticar. O
10 caso do automóbil na comarca de Vigo é o exemplo máis declarado do que referimos.

11 2º. A paralización de numerosos convenios durante varios anos unha vez finalizada a
12 súa vixencia está sendo outra das consecuencias deste tempo. A incapacidade para
13 mobilizar permitiu que as patronais deixasen en suspenso a negociación e renovación
14 dos convenios, prorrogando os salarios sen incrementos e perdendo os traballadores
15 e traballadoras a capacidade de actualizar as súas demandas.

16 No mesmo tempo, convenios de sector con influencia menor polo número de afecta-
17 dos/as continúan hoxe paralizados pola deliberada disolución das patronais e a cativa
18 implantación sindical, sen que até o momento acertemos a dar unha resposta que
19 corrixa esta situación.

20 3º. A reforma da negociación colectiva anima á ruptura dos convenios de sector promovendo
21 os convenios de empresa. A posibilidade de regular no ámbito de empresa condicións
22 inferiores en salarios e condicións normativas, está orixinando unha fractura dificilmente
23 recuperábel para a clase traballadora; diferentes universos con dereitos estratificados,
24 precariedade extrema e unha alarmante pobreza nos salarios. Na medida en que se
25 consoliden estes diferentes mundos será máis difícil para nós traballar e organizar
26 sindicalmente estas empresas.

27 Nos últimos anos a potencial ameaza dos convenios de empresa como medio para des-
28 compoñer as condicións de traballo produciuse de xeito lento. A escasa conflitividade nos
29 convenios de sector e os limitados resultados destes, xunto coas posibilidades absolutas
30 de inaplicación temporal dos acordos demorou a proliferación dos convenios de empresa;
31 pero a cadencia e regularidade coa que se implantan móstranos unha tendencia en alza,
32 con magnitudes preocupantes no seu alcance. Nos últimos 6 anos máis de 200 convenios
33 de empresa, maioritariamente con menos de 50 asalariados/as, foron asinados en Galiza.
34 Teñamos en conta que estes convenios se producen nun ámbito con alta precariedade
35 nos contratos, con gran parte do persoal eventual e a tempo parcial; nunhas relacións
36 laborais facilmente domesticadas pola empresa e a colaboración do sindicalismo espa-
37 ñol, que aproba os convenios a cambio de representación sindical (facturar delegados/
38 as). Normalmente convenios inferiores en salarios ao convenio de sector, con xornadas
39 de traballo en negro. Convenios que en determinados casos aproban salarios con 300€/
30 mes por debaixo do sectorial.

41 4º. A reforma do PP facilitou este escenario, abaratando e facilitando o despedimento coa
42 franquía das causas obxectivas, ao tempo que amplificaba os modos de contratación
43 precaria; tempo parcial, indefinidos cun ano de proba, eliminación da causalidade e
44 absoluta discrecionalidade para as ETTS. Desregulación da xornada laboral e flexibi-
45 lidade extrema, todo iso co obxectivo final propio do capitalismo, traballar máis con
46 menos salario, máis explotación.

47

1 **A nosa resposta**

2 Inevitavelmente o noso traballo como organización debe orientarse a derrotar as refor-
3 mas no horizonte dos próximos anos. O tempo corre a favor das reformas na medida en
4 que estes cambios tan brutais no mundo do traballo teñen a tendencia histórica a instalarse
5 de xeito estrutural. A incorporación de novas xeracións de traballadores e traballadoras
6 sometidos a esta disciplina de precariedade, sen antecedentes de conflito e loita polas
7 condicións de traballo, favorece este modelo agresivo e actual de capitalismo liberal para
8 completar o seu ciclo.

9 Correspóndenos a nós, a CIG, como instrumento revolucionario da clase traballadora
10 galega, crear unha constante de enfrontamento a este sistema que poida modificar favora-
11 belmente a correlación de forzas. O cambio debe ser radicalmente político e no ámbito do
12 noso dominio, en Galiza. Non podemos organizarnos unicamente para resistir e atenuar os
13 efectos dunha lexislación que maximiza a explotación no mundo do traballo. Non é posíbel
14 tampouco pretender modificar o resultado político no Estado nun marco que non é noso, no
15 que non temos influencia e no que o sindicalismo español leva décadas entregado ao sistema,
16 sen vocación de transformación e máis contrariamente obsesionado coa españolización dos
17 convenios no marco estatal, deixando sen voz e protagonismo a clase traballadora galega.

18 O noso traballo como organización de clase debe ser crear unhas condicións intelectuais,
19 de ideas e de mobilización que dean continuidade ao factor histórico de transformación que
20 sempre representou a clase traballadora. Como dicía Castelao, petar na alma do pobo até
21 conseguir un estado de ánimo revolucionario.

22

23 **No traballo inmediato**

24 1º. Reanimar os convenios de sector en Galiza dándolles entidade como ámbito de dominio
25 da nosa clase. Que a Clase traballadora sexa actor principal e exclusivo das decisións
26 que comprometen a mobilización ou os acordos finais do convenio. Este é o antídoto
27 para frear os convenios estatais, de tal maneira que o consideren como propio e lle
28 concedan o valor que responda a calquera intento de expropiar o noso dereito a decidir
29 as nosas condicións de traballo.

30 2º. Corrixir a práctica viciada e mecánica que eluda a participación da clase traballadora
31 na elaboración dos anteproxectos, nas asembleas e sen unha regular e permanente
32 actividade de información nas empresas; preceptiva e obrigada para un modelo sindical
33 como o noso. A ausencia desta práctica asimila a nosa intervención a CCOO e UGT.

34 3º. A resolución final, a acción sindical e a mobilización que se destaca nalgúns convenios,
35 tanto de sector como de empresa, son sempre visíbeis e destacadas para o resto da clase
36 obreira, que sempre busca referencias. Observemos os períodos de alta conflitividade
37 no que se mimetizan as respostas, reproducíndose os efectos de loita e multiplicándose
38 os conflitos. Na historia recente todas estas mobilizacións en Galiza foron dirixidas pola
39 CIG e a clase traballadora sábeo.

30

41 **Obxectivos**

42 Inexorablemente na lóxica do capitalismo a acumulación e concentración non pode deterse
43 ou diminuír. Desde mediados dos anos 80 do século pasado até hoxe, a clase traballadora
44 perdeu máis dun 30% da riqueza creada. A renda total dos asalariados e asalariadas é xa menor
45 que as rendas do capital como referencia do PIB, e continuará decrecendo. Este feito é aínda
46 máis elocuente se pensamos que hoxe a clase traballadora se multiplicou por 2,5 veces, polo
47 que a perda é espectacularmente significativa. Os salarios empobrecense dun xeito alarmante.

1 **Necesitamos corrixir os salarios**

2 1º. A caída dos salarios precipítase por diferentes motivos: historicamente, desde o asina-
3 mento dos Pactos da Moncloa no ano 1977. Este acordo asinado entre partidos políticos
4 e os sindicatos COO e UGT creou a base política e ideolóxica para os posteriores e
5 crónicos pactos confederais en Madrid entre a CEOE, Cepyme e CCO e UGT. Invest-
6 tidos do “diálogo social” repetidamente a contención de salarios na negociación dos
7 convenios produciu unha perda constante da renda salarial. A excepción conformámola
8 o sindicalismo galego e vasco, que desde aquela quebramos a inercia de aplicación
9 uniforme que pretendían os pactos.

10 2º. A actual crise, coa desaparición en Galiza de miles de empregos no sector industrial e
11 construción, causou a paralización da negociación colectiva máis activa e referencial
12 afectando ao resto dos sectores.

13 3º. As diferentes reformas na versión máis contundente e asfixiante das relacións laborais,
14 ao que novamente colaborou o sindicalismo español pactando a eliminación do IPC
15 como referencia de incremento e corrección da inflación. Neste aspecto o dano relati-
16 vizouse pola deflación e a escasa elevación do IPC nestes anos atrás; pero os efectos
17 desta medida están por chegar, pois o período de recesión nos prezos do consumo
18 parece concluído. Por tanto, para a CIG a referencia de incremento sobre IPC que nunca
19 abandonamos, témola que revitalizar.

20 4º. Non podemos ignorar que, con independencia dos incrementos sobre IPC, ao longo
21 dos anos a lóxica de suba proporcional dos salarios en porcentaxes, afondou na dis-
22 tancia entre convenios e categorías dun mesmo convenio. Por esta razón desde o ano
23 2007 a CIG propón incrementos que se midan en cantidades netas e lineais, collendo
24 como referencia o salario medio de Galiza e resultando unha cantidade que debe con-
25 siderarse mínima. Ao salario medio débese aplicar o IPC e dános unha cantidade que
26 debe ser a referencia mínima para todo ano. Deste xeito aseguramos que os salarios
27 crecen nunha proporción idéntica e non perden capacidade adquisitiva.

28 5º. Os convenios deben recoller necesariamente a revisión salarial. Nestes últimos esta
29 corrección sobre a inflación desapareceu na inmensa maioría dos convenios tendo unha
30 cobertura inferior ao 15% do total. Este dato constata un resultado preocupante para
31 a clase traballadora, no que a CIG non pode eludir a súa responsabilidade. Recuperar
32 as cláusulas de revisión salarial faise imperativo co seguro ascenso da inflación no
33 horizonte.

34 6º. Como CIG nunca podemos aceptar a división e diminución dos salarios para as novas
35 contratacións; o que se denomina “categorías de entrada”. Neste aspecto o sindicalismo
36 español está completamente entregado. A consecuencia desta medida discriminatoria é
37 a división da clase traballadora en antigos e novos, un efecto que debilita enormemente
38 a unidade de clase dentro da empresa.

39

30 **Contratación**

41 Como temos analizado, a precariedade extrema creada pola reforma nos novos modos
42 de contratación, eliminando a causalidade e favorecendo a contratación parcial, está tendo
43 un efecto devastador nas garantías sobre os dereitos no traballo e facilitando ás empresas
44 o exceso de xornada en negro con traballo non pagado.

45 Como sempre, as alternativas que se reproduciron nos convenios sobre a regulación e
46 garantías na contratación foron sen excepción defendidas e aseguradas desde a CIG. Pena-
47 lizar a eventualidade con indemnización ao final ou durante o contrato; limitar a proporción

1 de eventuais nas empresas con porcentaxes máximos e fundamentalmente a limitación
2 das ETT, demanda esta que se implantou inicialmente en Galiza pola nosa organización.

3 Na actualidade a dificultade é maior para regular a contratación polas razóns que exa-
4 minamos anteriormente e polo incremento das diferentes versións de subcontratación
5 nunha dimensión máis precaria, con empresas de servizos que afectan indistintamente a
6 todos os sectores e creadas mesmo polas propias ETT, con convenios máis baratos. Por
7 tanto teremos que impor unha medida que pretenda limitar a eficacia destas infinitas liñas
8 de subcontratación, que deberá identificar nos convenios de empresas ou sectores toda
9 actividade que debe propia que non se pode subcontratar.

10 **Xornada de traballo**

11 A xornada laboral foi atacada en diferentes fronte nestes últimos anos, e con escasas
12 excepcións de convenios de empresa a xornada de traballo incrementouse de xeito relevante.
13 Con independencia dos rexistros estatísticos que apuntan cifras anuais idénticas ao 2009,
14 a xornada media real e efectiva elevouse de xeito abusivo como variábel de explotación da
15 man de obra eventual e con xornadas parciais.

16 A flexibilidade imposta pola reforma laboral fixou como imperativo o mínimo do 10% de
17 flexibilidade, desordenando a regulación e control da xornada e ampliando os días efectivos
18 laborais ás fins de semana, fundamentalmente sábados.

19 A precariedade absoluta da contratación eventual permite ás empresas ampliar a xornada
20 de xeito fáctico, sen retribuír o exceso e tampouco compensalo en descanso. A indefen-
21 sión da eventualidade ante a renovación ou prórroga do contrato non apela a reclamar as
22 xornadas feitas de exceso. A ecuación final busca o resultado dunha maior explotación,
23 traballar máis e cobrar menos.

24 Nos convenios necesariamente debemos protexer os non indefinidos dos excesos de
25 xornada, regulando as condicións das flexibilidades, de tal maneira que sempre se obrigue
26 a calendarios nominais e persoais de compensación da xornada.

27 **Xénero**

28 As mulleres na súa condición de clase traballadora son as principalmente afectadas pola
29 reforma da contratación a tempo parcial. Na actualidade o 70% deste modo de contratación
30 corresponde a mulleres. Un contrato pensado fundamentalmente para o sector servizos que
31 permite unha flexibilidade á carta, sen control das horas complementarias e unha enorme
32 fraude na cotización e retribución destas. As actividades de hostalaría, limpeza e comer-
33 cio coas características de centros de traballo con pouco persoal, illadas dunha relación
34 compartida con outras traballadoras e unhas condicións individualizadas, son o ámbito
35 perfecto para explotación, o acoso laboral e unha práctica estrutural de incumprimento do
36 convenio colectivo.

37 Outra das caras máis agresivas deste capitalismo neoliberal, e desafortunadamente
38 pouco perceptíbel socialmente, é a exclusión que se produce en moitos destes sectores
39 por razóns de idade. O comercio e a hostalaría fundamentalmente penalizan e discriminan
40 as mulleres cando superan unha idade nas que o sistema non as considera “apropiadas”
41 para traballar, e virtualmente desaparecen da actividade. Este feito debería ter unha resposta
42 social correspondente á magnitude do caso, unha versión fundamentalista do capital que
43 causa marxinação recorrente sobre as mulleres. As actividades relacionadas co comercio
44 téxtil, de moda e de grandes áreas comerciais así como a hostalaría, con atención directa
45 ao cliente, son os sectores destacados nesta práctica infame.

1 Como organización de clase temos que preparar respostas para estes sectores que
 2 limiten a contratación parcial; inevitabelmente é preciso un traballo de campo e unha cam-
 3 paña que teña permanencia no tempo con denuncias públicas ou concentracións naqueles
 4 centros de traballo que constantemente incumpren os convenios. O factor polo que estes
 5 establecementos traballan para o público permite inferirles un dano de imaxe.

7 **CONCLUSIÓN**

8 Como temos examinado, a situación actual esixe da CIG unha resposta que debe encarar
 9 inicialmente unha organización das estruturas de federacións e comarcas, que poida respon-
 10 der ao momento histórico que vivimos. A necesidade de activar permanentemente o traballo
 11 nas empresas, con contacto directo nos centros de traballo, asembleario e participativo.

12 A actualidade deste sistema permite unha sobreexplotación da clase traballadora polo
 13 que debemos actuar en diferentes frontes. Reforzar os convenios de sector e a súa aplica-
 14 ción, impedir os convenios de empresa que fracturen e deterioren as condicións de traballo,
 15 sen esquecer que a debilidade da clase traballadora para afrontar a relación de poder co
 16 capital favorece un incumprimento masivo dos convenios.

19 **4.2. En política económica e de emprego**

21 Nesta materia entendemos que seguen totalmente de actualidade as propostas que
 22 aprobamos no VI Congreso e que deron pé a dúas Iniciativas Lexislativas Populares (ILP).
 23 Unha delas a de **100 Medidas para crear Emprego en Galiza**, que contou co apoio de máis
 24 de 30.000 sinaturas de cidadáns e cidadás galegas e foi finalmente rexeitada no Parlamento
 25 galego polos votos en contra da maioría absoluta do PP. Reproducimos aquí a exposición
 26 de motivos que encabezaba o texto desta ILP e reafirmámonos na vixencia das medidas
 27 que alí figuraban para reactivar a economía galega e crear emprego:

28 *"Desde o inicio da crise, desde a CIG estamos a defender todo un conxunto de propostas*
 29 *alternativas, orientadas a unha saída da crise favorábel á clase traballadora galega e feita desde*
 30 *unha perspectiva de defensa dos nosos intereses nacionais, convencidos de que todas estas*
 31 *políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis*
 32 *no carácter colonial e periférico de Galiza. Só desde alternativas feitas en función da nosa*
 33 *propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade*
 34 *de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos*
 35 *intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.*

36 *As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento eco-*
 37 *nómico e social máis sostíbel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos*
 38 *sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do*
 39 *incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras*
 40 *públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o*
 41 *emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a cons-*
 42 *truír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da*
 43 *nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.*

44 *Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta*
 45 *de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco*
 46 *Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos*
 47 *Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica*

1 e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando
2 actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades
3 económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á
4 actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos
5 da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado,
6 como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social
7 e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino,
8 a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas
9 actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non
10 favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren
11 o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

12 Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre
13 desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Man-
14 temos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o
15 actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente
16 insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de
17 Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias
18 pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento
19 económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade
20 legislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria,
21 así como en política fiscal e financeira.

22 Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento
23 industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado
24 español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso
25 modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado
26 en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos
27 intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a
28 existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a
29 destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos
30 gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente econó-
31 mico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

32 Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun
33 peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico
34 e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como
35 consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do
36 sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as
37 políticas e as institucións europeas.

38 Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior,
39 é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta,
40 polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador.
41 Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear
42 as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa
43 súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da
44 base material do noso país, e non siga polo tanto contribuindo coa súa actitude a acentuar
45 o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte
46 de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

47 Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun

1 *marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural*
2 *que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produ-*
3 *tivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento*
4 *sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza”.*

5 A segunda ILP, relacionada coa reactivación económica e a creación de emprego, foi a
6 **de Medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.**
7 **Tarifa Eléctrica Galega**, que foi a debate ao Parlamento e aprobada por unanimidade a súa
8 tramitación como proxecto de lei, hoxe en trámite no Parlamento e da que reproducimos
9 tamén aquí a súa exposición de motivos:

10 *“O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu*
11 *produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa*
12 *importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia*
13 *enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.*

14 *Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de*
15 *electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para*
16 *o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de*
17 *carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e bio-*
18 *masa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.*

19 *Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos*
20 *sociais e medio ambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario,*
21 *ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás*
22 *decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través*
23 *dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento*
24 *dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da*
25 *subministración eléctrica.*

26 *No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única,*
27 *prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter*
28 *en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas*
29 *no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para*
30 *o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.*

31 *É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio*
32 *económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que*
33 *ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu*
34 *crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha*
35 *política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade*
36 *para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición*
37 *excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así*
38 *como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados*
39 *territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi*
40 *deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería*
41 *recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento*
42 *das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza*
43 *no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial*
44 *estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector*
45 *empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola*
46 *vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan*
47 *a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En*

1 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español
 2 un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas
 3 políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensi-
 4 dade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos
 5 enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

6 *Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos*
 7 *intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade*
 8 *destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas–*
 9 *está estreitamente vencellada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á rea-*
 10 *lidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse*
 11 *beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos*
 12 *galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando*
 13 *así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente*
 14 *agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica*
 15 *de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo*
 16 *de Galiza como territorio para a implantación empresarial.*

17 *Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de*
 18 *calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente*
 19 *que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos*
 20 *se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transfor-*
 21 *mación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electri-*
 22 *cidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas.*
 23 *Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en*
 24 *territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos*
 25 *que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado,*
 26 *dada a proximidade espacial entre unhas e outros.*

27 *Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha*
 28 *vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.*

29 *O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de*
 30 *todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias*
 31 *medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un*
 32 *problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non*
 33 *poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os*
 34 *meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible.*
 35 *Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación,*
 36 *teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefac-*
 37 *ción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada”.*

30 **4.3. En dereitos laborais e sociais**

41
 42 Desde a CIG consideramos de vital importancia, para situármonos como clase traballadora
 43 nunha posición de fortaleza que nos permita ser máis eficaces na nosa loita reivindicativa por
 44 recuperar e mellorar en dereitos e condicións de vida, conseguir a inmediata derogación
 45 das contrarreformas laborais iniciadas no 2010 até a actualidade, en concreto a derogación
 46 da LEI 35/2010, RDL 7/2011, RDL 20/2012, LEI 3/2012, RDL 16/2013, RDL 3/2014 e toda a
 47 demais normativa de desenvolvemento desta, así como a aprobación dunha nova lexislación

1 laboral e social que nos restituía en dereitos perdidos como consecuencia de contrarreformas
 2 actuais ou pasadas e nos favoreza en dereitos e regulacións novas que melloren as nosas
 3 condicións de vida e de traballo e nos fortalezan como clase diante do capital.

4 As propostas que facemos neste programa reivindicativo levan esa orientación e serán a
 5 base das nosas reivindicacións fronte ao futuro Goberno do Estado, sexa da cor que sexa,
 6 de cara a forzar unha mudanza da lexislación laboral e social.

7 Queremos deixar constancia tamén de que o feito de que promovamos estas reivindi-
 8 cacións diante do Goberno do Estado obedece a unha razón de puro pragmatismo por
 9 ser quen ten competencias lexislativa nestas materias. En calquera caso, é preciso pór en
 10 destaque que mantemos viva a reivindicación estratéxica da CIG de facer realidade un Marco
 11 Galego de Relacións Laborais e Sociais, con plenas competencias en materia lexislativa,
 12 normativa e de regulación da participación no mundo do traballo en Galiza, como exercicio
 13 dun dereito democrático e sobre todo como unha necesidade para poder garantir unhas
 14 condicións laborais e salariais dignas para toda a clase traballadora galega.

15 O marco actual, alén de ser alleo á nosa realidade sociolaboral, amósanos uns indica-
 16 dores que recorrentemente desvelan o inapropiado da lexislación e do ámbito de decisións
 17 políticas que comprometen os dereitos do traballo na Galiza. Calquera referencia comparada
 18 a salarios, precariedade, pensións, sinistralidade, emprego e emigración, pon de manifesto
 19 a evidencia de factores estruturais que se obxectivan ao abeiro do marco actual e que polo
 20 tanto fan imprescindible a necesaria reversión deste marco de relacións laborais.

21 Esta reivindicación, nas circunstancias actuais, faise aínda moito máis necesaria. As políticas
 22 de desregulación e flexibilización das condicións de traballo; o desmantelamento da negociación
 23 colectiva e os intentos de centralización desta, arredándoa do control da clase traballadora; a
 24 dependencia das nosas condicións laborais e sociais de políticas económicas promovidas por
 25 institucións ao servizo do capital financeiro, como é o caso do FMI, do BCE ou da CE, trae a un
 26 primeiro plano a esixencia e a loita por conquistar marcos normativos e de relacións laborais,
 27 nos que a clase traballadora galega teña participación, control e capacidade de incidir e decidir
 28 sobre as súas condicións laborais e sociais, rachando así con esa estratexia que segue o capital
 29 de centralización do poder e de control sobre calquera política económica, social ou laboral.

30

31 **Acción sindical**

- 32 • Recoñecemento do dereito da representación dos traballadores e traballadoras a ne-
 33 gociar calquera medida que pretenda impor o empresario/a relativa ás condicións de
 34 emprego e de traballo, con sancións adecuadas en caso de incumprimento e para alén
 35 dos dereitos de información e consulta do artigo 64 do ET.
- 36 • Crédito horario específico para as delegadas e delegados de prevención, especialmente
 37 cando no convenio se establece que as persoas encargadas desa función son dife-
 38 rentes da representación unitaria.
- 39 • Implantación das delegadas e delegados territoriais de prevención de riscos laborais,
 40 como un elemento máis de acción e poder sindical nos centros de traballo, con especial
 41 atención ás pequenas empresas.
- 42 • Recoñecer os sindicatos máis representativos, nas empresas de menos de seis traba-
 43 lladores/as e naquelas que non teñan representación, similares dereitos de información
 44 e consulta que teñen as e os delegados de persoal.
- 45 • Recoñecemento legal da figura de axente sindical de igualdade, garantindo unha for-
 46 mación específica para o desenvolvemento do seu labor, sen prexuízo da súa extensión
 47 na negociación colectiva.

- 1 • Recoñecemento da consulta obrigatoria da asemblea de traballadores e traballadoras,
2 para someter ao seu criterio todas as decisións que afecten ao emprego e ás condicións
3 de traballo (asinamento do convenio colectivo, inaplicacións, modificacións, etc.).
- 4 • Recoñecemento legal de competencias negociadoras aos sindicatos máis representa-
5 tivos, con carácter previo a adopción de medidas económicas e sociais por parte dos
6 poderes públicos.
- 7 • Recoñecemento das seccións sindicais, coas atribucións da LOLS, nas empresas de
8 máis de 100 traballadores e traballadoras.
- 9 • Revisión do modelo de financiamento dos sindicatos, con criterios de transparencia,
10 obxectividade e representatividade, que teña en conta a función social que cumpren, en
11 aspectos como a representación institucional e a negociación colectiva de eficacia xeral.

12 **Negociación colectiva**

- 13
- 14 • O marco galego de relacións laborais esixe que os convenios sectoriais provinciais,
15 autonómicos ou doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre
16 o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais. Igualmente os acordos sobre
17 materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre
18 aqueles de ámbito estatal de semellantes características.
- 19 • A negociación para un convenio estatal de grupo de empresas ou a negociación para
20 un convenio que afecte a unha pluralidade de empresas vinculadas debe considerarse
21 como unha negociación sectorial para efectos da lexitimación para negociar dos sin-
22 dicatos máis representativos de comunidade autónoma (art. 87.4 ET).
- 23 • Nas Comisións Paritarias e noutras comisións específicas, como as de igualdade ou as
24 comisións antiacoso, debe asegurarse a participación dos sindicatos lexitimados para
25 negociar, aínda que non asinasen o convenio, ou o plan de igualdade.
- 26 • Reforzar a garantía da ultraactividade ilimitada do convenio colectivo.
- 27 • Transferencia íntegra a Galiza da formación para o emprego e rescate público do sistema
28 de formación para o emprego.
- 29 • Conferir á negociación colectiva un carácter causal, só modificábel por acordo entrambas
30 as partes, co obxecto de reforzar a seguridade e evitar que, por medio de modificacións
31 substanciais das condicións de traballo impostas, o dereito á negociación colectiva
32 torne en papel mollado.
- 33 • Eliminación, no ámbito da Administración Pública, da capacidade unilateral da institución
34 de suspender os convenios colectivos por causa da situación económica.
- 35 • Mudar a obrigatoriedade de negociar os plans e medidas de fomento da igualdade nas
36 empresas, pola obrigatoriedade de acordar coa representación legal dos traballadores/
37 as este tipo de medidas.
- 38 • Os convenios sectoriais terán a consideración de dereitos convencionais de mínimos,
39 polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores, totais
30 ou parciais, ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia, en especial nos
41 apartados de salarios e xornada.

42 **Dereitos fundamentais e relacións laborais**

- 43
- 44 • Ratificación, por parte do Estado español, da Carta Social Europea na súa versión de
45 1996 e do protocolo de 1995 relativo a reclamacións de carácter colectivo.
- 46 • Actualización do ET e a LOLS para mellorar a tutela dos dereitos fundamentais no traba-
47 llo, en particular a intimidade/privacidade, a liberdade de expresión, a igualdade e non

- 1 discriminación, a integridade moral e a liberdade ideolóxica, a reunión e manifestación
 2 e a garantía de indemnidade. E que se engadise unha descrición do contido mínimo
 3 destes.
- 4 • No que se refire á liberdade sindical, a lei debería incidir na especial importancia dos
 5 dereitos de liberdade de expresión, reunión e manifestación como parte esencial da
 6 liberdade sindical, na liña da doutrina da Comisión de Expertos de OIT.
 - 7 • No dereito de folga, para alén de derrogar o art. 315.3 do CP, regular a folga en servizos
 8 esenciais desapoderando a autoridade governativa e desde criterios de autorregula-
 9 ción, sometendo as discrepancias, se é o caso, a un procedemento urxentísimo ante
 10 un órgano independente. Así mesmo, mellorar a regulación da liberdade de expresión
 11 das dúas partes en conflito, con sancións que non penalicen o exercicio dun dereito
 12 fundamental, senón que o protexan.
 - 13 • Canto á igualdade e non discriminación por sexo, establecer por lei obxectivos quan-
 14 titativos de diminución de fenda salarial e mecanismos de control para eliminar as
 15 discriminacións directas e indirectas nos convenios colectivos.
 - 16 • Racionalizar os horarios de traballo e reducir a xornada máxima laboral a 35 horas se-
 17 manais, como medida de reparto do traballo, favorecendo a seguridade e a estabilidade
 18 no emprego, así como a asunción de responsabilidades familiares en igualdade.
 - 19 • Recoñecer o carácter fundamental do dereito á conciliación da vida familiar, persoal e
 20 laboral, eliminando a mención recollida no art. 33.8 “segundo o acordo que chegue coa
 21 empresa ou nos termos previstos na negociación colectiva”, xunto coa restrición de poder
 22 acollerse a unha redución da xornada por coidado con carácter diario, podendo facelo
 23 semanal, mensual ou anualmente, correspondendo aos traballadores e traballadoras a
 24 concreción horaria deste dereito. Establecer o dereito de acompañamento a consulta
 25 médica para o persoal con persoas dependentes ao seu cargo con carácter retribuído.
 26 Recoller o dereito a acompañamento de crianzas menores de 12 anos a consulta médica.
 27 Eliminar a restrición da idade no caso das excedencias por coidado de menor, ampliando
 28 a actual de 3 a 12 anos, podendo solicitala durante un prazo máximo de tres anos para o
 29 coidado de fillas e fillos menores de 12. Establecer a duración do permiso por lactación
 30 acumulada en 4 semanas, estendendo o dereito dunha hora até que a crianza cumpra
 31 12 meses, podendo gozar deste ao inicio, ao remate, durante a xornada ou dividilo en
 32 dúas medias horas. Establecer o dereito preferente á escolla de períodos vacacionais
 33 coincidentes cos períodos non lectivos por coidado de crianzas menores.
 - 34 • Reformar o actual sistema de permisos por nacemento, adopción e acollemento, co-
 35 mezando pola aprobación este mesmo ano, da ampliación do permiso de paternidade
 36 (suspendido por 5º vez desde a aprobación da lei) a catro semanas, aumentando este
 37 de xeito progresivo até as 16 semanas e tendo carácter obrigatorio o facer uso do
 38 mesmo. Isto suporá permisos intransferíbeis para as persoas proxenitoras, e con igual
 39 protección social durante o exercicio de ambos os dereitos. Aumentar progresivamente
 40 o período de suspensión de maternidade, desde este mesmo ano, até acadar como
 41 mínimo os 12 meses de duración.
 - 42 • Establecer mecanismos sancionadores áxiles ás empresas que non teñan un plan de
 43 eliminación de riscos laborais ou non adopten medidas dirixidas a protexer a saúde das
 44 traballadoras embarazadas e /ou en período de lactación en canto reciben notificación
 45 da situación de embarazo.
 - 46 • Revisar a regulación existente en materia de igualdade, garantindo a súa transversali-
 47 dade en todos aqueles aspectos que garden relación coa discriminación por motivos

1 de sexo, identidade e orientación sexual, lingua, idade, discapacidade, raza e etnia,
2 relixión, clase social e condición de inmigrante, que estableza mecanismos aplicativos
3 e sancionadores acaídos.

4 5 **Contratas, subcontratas e externalizacións**

- 6 • Prohibir as cadeas de subcontratas, de maneira que só se permita a contratación de
7 primeiro nivel, con carácter causal e temporal.
- 8 • Someter as contratas de propia actividade ás mesmas condicións da empresa principal,
9 no que se refire a autorización para a súa actividade no mercado, igualdade salarial e
10 responsabilidades laborais e administrativas. Isto sería de aplicación ás empresas de
11 servizos que ofrezan á clientela a realización de máis de dúas actividades.
- 12 • Extensión da responsabilidade das empresas principais en todos os casos, tamén no
13 de empresas auxiliares que non son da mesma actividade e que non prestan servizos
14 no centro de traballo da principal, e afectar, ademais de salarios, a indemnizacións e a
15 condicións de traballo en xeral.
- 16 • Nova regulación da sucesión de empresas, que garanta a subrogación dos traballadores
17 e traballadoras cando haxa continuidade na actividade.
- 18 • Eliminación da figura legal da traballadora ou do traballador autónomo economicamente
19 dependente, por ocultar fraudulentamente unha verdadeira relación laboral por conta allea.
- 20 • Garantía legal de que os socios e socias das cooperativas non teñan condicións de
21 traballo inferiores ás dos traballadores e traballadoras do mesmo sector de actividade.
- 22 • Reversión ao público dos servizos privatizados.

23 24 **Emprego e contratación**

- 25 • Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.
- 26 • Mellorar o investimento público nos servizos públicos de colocación para que poidan
27 desenvolver axeitadamente o seu labor.
- 28 • Eliminación de todas as subvencións xenéricas á contratación, agás a aqueles colectivos
29 de difícil inserción, e utilización do orzamento que se dedica a aquelas na creación de
30 emprego a través dos servizos públicos.
- 31 • Estabelecer unha porcentaxe máxima de contratos temporais nas empresas, de xeito
32 que o número de horas traballadas ao mes por traballadores e traballadoras con con-
33 tratos temporais nunca exceda do 25 por 100.
- 34 • Eliminar o contrato de apoio a emprendedores e emprendedoras.
- 35 • A duración máxima do contrato de obra debe rebaixarse a un prazo máximo de 18
36 meses, en todo caso.
- 37 • Nos contratos a tempo parcial, afondar no principio de voluntariedade. As horas comple-
38 mentarias nunca poden ser de realización obrigatoria. No contrato ten que constar con
39 exactitude, nun período de referencia non máis longo que o semanal, a distribución da
40 xornada. Calquera modificación do tempo pactado ou da súa distribución por vontade do
41 empresario merecerá a consideración de modificación substancial das condicións de traballo.
42 As modificacións substanciais das condicións de traballo nunca poden implicar reducións
43 ou ampliacións de xornada, xa supoñan ou non cambios entre o contrato a tempo completo
44 e o contrato a tempo parcial. Os traballadores e traballadoras a tempo parcial teñen que
45 gozar de preferencia para ocupar un posto a xornada completa vacante na empresa.
- 46 • Prohibición de acordos, medidas ou axudas que fomenten, promovan ou axuden á
47 contratación a tempo parcial por parte do Estado.

1 **Extinción do contrato de traballo**

- 2 • Na medida en que a subsistencia material depende do traballo, non pode aceptarse a
- 3 visión do despedimento como un instrumento máis de axuste empresarial.
- 4 • Reforzamento da causalidade do despedimento, recoñecida no art. 35 CE, o art. 30 da
- 5 Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea e o Convenio 158 OIT.
- 6 • Redefinición das causas económicas, técnicas, organizativas e produtivas que xustifican
- 7 o despedimento obxectivo, que deben estar condicionadas á viabilidade do proxecto
- 8 empresarial; o despedimento debe ser a última ratio.
- 9 • Novo procedemento para o despedimento colectivo: reforzar o papel dos e das repre-
- 10 sentantes sindicais nas negociacións, recuperar a autorización da autoridade laboral,
- 11 superando a actual fase de unilateralismo empresarial, e devolver á Inspección de
- 12 Traballo a súa competencia para emitir informe vinculante. Ampliación dos prazos do
- 13 período de consultas a un mínimo dun mes.
- 14 • Recuperación da figura do despedimento nulo por fraude de lei, que desapareceu do
- 15 marco xurisprudencial en 1993; non se debe permitir que a empresa recoñeza o carácter
- 16 improcedente do cesamento na carta de despedimento.
- 17 • Recuperación da indemnización de 45 días e 42 mensualidades para os despedimento
- 18 improcedentes.
- 19 • Nos despedimentos e/ou extincións declaradas improcedentes e/ou inxustificadas,
- 20 a opción pola readmisión ou a indemnización debe corresponder ao traballador ou
- 21 traballadora.
- 22 • Recuperación dos salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes.
- 23 • Nos despedimentos nulos, dar a traballadores e traballadoras a opción de optar pola
- 24 extinción laboral, tendo dereito a unha indemnización que duplique a acordada para
- 25 despedimentos improcedentes.

26 **Flexibilidade interna**

- 27 • As modificacións substanciais de condicións de traballo, a mobilidade, as suspensións
- 28 de contrato e reducións de xornada e a distribución irregular do tempo de traballo que
- 29 implique dispoñibilidade total do traballador, non poden empregarse como instrumentos
- 30 ordinarios de axuste da competitividade ou da produtividade, senón que deben limitarse
- 31 á superación de crises empresariais; reforzamento da causalidade.
- 32 • Recuperar o papel da autoridade laboral nos procesos de reestruturación (modificacións
- 33 substanciais, mobilidade xeográfica, sucesión de empresa...).
- 34 • Eliminación das modificacións substanciais en materia de remuneración e contía salarial.
- 35 • Eliminación das modificacións substanciais en materia de redución de xornada, que
- 36 produce os efectos materiais dun despedimento parcial sen indemnizar.
- 37 • Eliminar a regulación legal da distribución irregular de xornada, que deberá ser a que se
- 38 pacte en convenio colectivo ou acordo de empresa (con porcentaxe máxima e mínima).
- 39 • Garantía legal do dereito a reposición da prestación en caso de suspensión de contrato
- 40 como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego.
- 41 • Debe derrogarse a posibilidade de inaplicación dos convenios de empresa. A inapli-
- 42 cación de convenios sectoriais só poderá producirse por acordo entre a empresa e os
- 43 representantes legais dos traballadores e traballadoras, cando así o requira a situación
- 44 económica da empresa. De non existir acordo, a discrepancia será resolta pola comisión
- 45 paritaria do convenio. A determinación das novas condicións deberá fixarse tamén por
- 46 acordo.
- 47

1 **Dereitos sociais**

- 2 • Incremento do salario mínimo interprofesional até acadar o 60% do salario medio. Este
- 3 será a única referencia como indicador público para efectos de fixar a contía de calquera
- 4 tipo de prestación social.
- 5 • Derrogación das últimas reformas do sistema público de pensións, recoñecendo o dereito
- 6 á xubilación ordinaria aos 65 anos. O cálculo da base reguladora debe vir determinado
- 7 polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral. O importe da
- 8 pensión mínima debe ser equivalente ao do SMI. Deben eliminarse as penalizacións e
- 9 discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- 10 • Eliminación da xestión privada dos plans complementarios de previsión social.
- 11 • Recuperación das prestacións e subsidios por desemprego, nos termos anteriores á
- 12 reforma de 2012.
- 13 • Salario de inserción laboral e social, na contía do SMI, para as persoas maiores de 18
- 14 anos que non cobren ningún tipo de prestación económica.
- 15 • Eliminación da intervención das mutuas no control da saúde e na xestión de prestacións
- 16 de seguridade social.

19 **4.4. En defensa do sistema público de pensións**

21 Os sistemas públicos de Seguridade Social son unha conquista histórica da clase traba-

22 lladora. Entre os dereitos recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos atópase

23 o dereito a unha pensión digna. Nada disto está en cuestión. Mais na estratexia privatizadora

24 de todo o público que o neoliberalismo vén impulsando nestes tempos, a apropiación da

25 xestión dos inxentes recursos financeiros administrados polo sistema público de pensións

26 é un seu obxectivo de primeira orde.

27 Con este obxectivo véñese publicitando a inviabilidade futura do sistema. Segundo pre-

28 téritas proxeccións elaboradas por persoas “expertas”, o sistema entraría en risco de creba

29 xa en 1995 e sucesivamente cada quinquenio. Agora fálase do 2050.

30 A partir do ano 2000 comezou a dotarse un Fondo de Reserva cunha pequena parte dos

31 excedentes de tesouraría xerados polo sistema de Seguridade Social (da meirande parte

32 do excedente apropiouse o Estado, consolidando as contas cos Orzamentos anuais), en

33 previsión de déficits futuros. Agora, na situación de crise, a utilización dese fondo para com-

34 pletar o pagamento das pensións (función para a que foi creado) úsase como un argumento

35 máis para xerar dúbidas de viabilidade.

36 Sen esquecer o interese último do capital de privatizar as pensións, agora pretenden

37 acumular recursos económicos do aforro da cidadanía para a especulación, a través dos

38 plans privados de pensións. Especulación que -abondan casos- ten concluído ás veces en

39 creba financeira do fondo, coa práctica desaparición dos aforros das persoas partícipes.

40 As vantaxes fiscais coas que os gobernos colaboran na promoción dos plans privados

41 son un auténtico engado: o aforro tributario é de sobras neutralizado á hora de recuperar

42 o investido. Xa que logo, entendemos que esas desgravacións deberían ser eliminadas.

43 A sustentabilidade das pensións públicas non é un problema económico, senón unha

44 opción política. Unha sustentabilidade que se debe entender a partir da garantía dunhas

45 pensións suficientes para unha vida digna, incompatíbel coas reformas que se veñen rea-

46 lizando nestes anos, unhas veces por imposición governamental, outras coa anuencia ou

47 apoio dalgún ou algúns sindicatos estatais (CCOO e UGT) e noutros casos tamén coa da

1 patronal. Todas estas reformas teñen producido recortes nas pensións e dificultades, de-
 2 moras ou exclusións no acceso á súa percepción, polo que, especificamente as de 2011 e
 3 2013, deberían ser derogadas inmediatamente.

4 Non podemos permitir que o Estado abdique da súa obriga e responsabilidade neste
 5 eido e que siga alfombrando o camiño para a privatización. Desde a CIG entendemos que
 6 a clase traballadora debe ter presente e reclamar:

- 7 · En primeiro lugar, que o mecanismo natural para dotar de suficientes recursos ao sistema
 8 de Seguridade Social é a creación de postos de traballo estábeis e con salarios dignos.
- 9 · Suprimir as bonificacións e reducións da cotización empresarial á Seguridade Social
 10 en determinados tipos de contratos laborais.
- 11 · Eliminar os toques máximos de cotización á Seguridade Social, mantendo uns límites
 12 máximos para o importe da pensión.
- 13 · A separación das fontes de financiamento das pensións pode ter lóxica para unha xes-
 14 tión administrativa transparente e racional, mais non pode servir de coartada para que
 15 o Estado se evada da súa obriga de garantir pensións públicas en condicións dignas.
- 16 · O traspaso á administración galega da competencia de xestión do réxime económico
 17 da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía.
- 18 · Xubilación ordinaria aos 65 anos, e voluntaria a partir de ter cotizados 35 anos, reais ou por
 19 aplicación dos coeficientes redutores en determinadas profesións. A este respecto, debe-
 20 ríanse revisar e mellorar os coeficientes aprobados e establececelos en novas profesións.
- 21 · Cálculo da base reguladora segundo as bases de cotización, actualizadas á data de
 22 reporte da pensión co IPC de todo o tempo transcorrido, dun período de 10 anos elixido
 23 pola persoa beneficiaria entre a súa carreira de cotización.
- 24 · Supresión do chamado Factor de sustentabilidade, que está previsto aplicar a partir do
 25 ano 2019 e que significa un recorte suplementario no importe inicial asignado á pensión.
- 26 · Pensión mínima equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional.
- 27 · Revalorización anual das pensións, como mínimo coa evolución do IPC.
- 28 · Eliminación das discriminacións e penalizacións nas condicións de acceso á pensión
 29 das persoas contratadas e tempo parcial.

30

31

32 **4.5. En defensa dunha política fiscal xusta e solidaria.**

33

34 A política económica imposta nestes anos puxo o acento no recorte do gasto público e
 35 na priorización, á que mesmo se lle deu dimensión constitucional, de atender á amortización
 36 da débeda pública.

37 Se comparamos a situación do Estado español cos parámetros medios da chamada zona
 38 euro, o gasto público está máis de cinco puntos porcentuais por baixo da media europea.
 39 O ingreso do erario é, no entanto, case nove puntos inferior a esa mesma media.

40 Existe unha ampla fenda dos ingresos, da orde de 100.000 millóns de euros/ano, que non é
 41 produto tanto dos niveis porcentuais dos diferentes impostos, como da ausencia de rigor e equi-
 42 dade na súa aplicación, vindo producida esencialmente pola fraude fiscal e social que significa
 43 o tratamento privilexiado dos grandes patrimonios, grandes empresas e entidades financeiras.

44 Unha política fiscal xusta e solidaria debería primar a imposición directa e fortemente
 45 progresiva en función da renda persoal e limitar a tributación indirecta, especialmente a que
 46 incide sobre o custo de adquisición dos produtos de primeira necesidade; incrementar a
 47 progresividade da tarifa do IRPF e o tipo marxinal máximo; equiparar o tratamento fiscal das

1 rendas do capital coas do traballo; crear un imposto específico sobre as grandes fortunas;
 2 suprimir os privilexios fiscais da igrexa católica; implementar a chamada fiscalidade verde
 3 en aplicación do principio de que quen contamina paga; dotar suficientemente de recursos,
 4 autonomía e transparencia á Inspección fiscal para aflorar a economía informal e, sobre
 5 todo, perseguir os grandes defraudadores; entre outras medidas.

6 Xunto a esas medidas, o Estado debería activar unha auditoría da actual débeda públ-
 7 ca e denunciar os contratos ilexítimos, para liberar a carga financeira que levan asociada;
 8 crear unha taxa sobre as transaccións financeiras internacionais especulativas; contribuír
 9 decididamente á supresión dos paraísos fiscais; e adoptar as decisións convenientes para
 10 recuperar o investido no chamado rescate bancario na crise.

11 Por outro lado, os/as que defendemos o autogoberno galego e a soberanía nacional
 12 entendemos que a política fiscal debe facer parte imprescindible das competencias propias,
 13 non só en canto á territorialización completa dos tributos, senón tamén na capacidade nor-
 14 mativa. É obvio que sen soberanía fiscal non hai soberanía política materialmente posíbel.
 15 Por iso, declarámonos abertamente discrepantes coa insuficiencia do actual modelo de
 16 financiamento autonómico que, por poñer algúns exemplos, identifica na práctica a corres-
 17 ponsabilidade fiscal cunha porcentaxe do imposto da renda ou ignora as considerables
 18 rendas xeradas no noso territorio que obteñen contribuíntes residenciais fiscalmente
 19 noutras comunidades. Neste senso, entendemos que o desenvolvemento das relacións de
 20 orde económico-orzamentaria entre Galiza e o Estado español debería formalizarse a través
 21 dun concerto económico pactado bilateralmente.

22 Nese camiño, cómpre dar pasos como dotármonos dunha Axencia Tributaria propia,
 23 para a inspección, recadación e exacción dos tributos galegos; esixir do Estado a xestión
 24 directa e autónoma dos fondos procedentes da Unión Europea que correspondan á nosa
 25 nación; ou establecer mecanismos que aseguren o pagamento no noso país dos tributos
 26 xerados pola actividade mercantil dos centros de traballo radicados no noso territorio que
 27 dependen de empresas domiciliadas fóra.

30 **4.6. En política de igualdade. A CIG como** 31 **referente sindical das traballadoras galegas**

33 Inactividade, desemprego, eventualidade, empregos a tempo parcial, fenda salarial,
 34 economía somerxida e infrasalarios. Así podemos resumir a situación laboral que padecen
 35 a maioría das traballadoras galegas.

36 E é que a crise non fixo máis que agravar a xa precaria situación laboral á que están
 37 sometidas, nunha porcentaxe moi elevada, as mulleres traballadoras en Galiza. Esta si-
 38 tuación agravouse por mor das sucesivas reformas laborais e fiscais –que incrementaron
 39 as desigualdades- e os recortes sociais. E aínda que a feminización da pobreza non é un
 40 fenómeno novo, nos últimos anos, a proporción de mulleres pobres medrou.

41 Este feito contribúe a un crecente empobrecemento material das mulleres, a un empeo-
 42 ramento das súas condicións de vida e á vulneración dos seus dereitos fundamentais que
 43 marca o presente, máis tamén o seu futuro, polo que o noso modelo de acción sindical
 44 ten que servir de ferramenta de combate á precariedade e aos ataques do neoliberalismo
 45 e do patriarcado.

46 Paralelo a isto, a CIG debe ser un referente en materia de acción feminista para o conxunto
 47 da clase traballadora galega.

1 **RESOLUCIÓN:**

2 Continuar coa formación en materia de igualdade de oportunidades, con perspectiva de
3 xénero, para acadar que as plataformas que presente a CIG na negociación colectiva, ou
4 os plans de igualdade nos que a CIG participe, conteñan esta visión.

5 A transversalidade de xénero deberá formar parte tamén de todas as accións formati-
6 vas que se deseñen desde a central sindical (prevención de riscos laborais, protocolos de
7 prevención e actuación ante o acoso sexual, laboral e por razón de sexo, protocolos de
8 prevención e actuación ante a violencia machista, protocolos contra a discriminación e o
9 acoso homofóbico nos centros de traballo, etc.).

10 Definímonos como unha organización sindical feminista non abonda para corraxir o
11 déficit de participación das mulleres nas estruturas do sindicato. O único xeito de acadar
12 unha participación que sexa acorde coa representatividade afiliativa é facendo un traballo
13 desde a base, prestando atención á confección de candidaturas en todos os procesos elec-
14 torais que nos permitan mellorar o número de delegadas de persoal existente nas propias
15 empresas, o cal facilite a formación de futuros cadros sindicais, e por tanto, garantir que no
16 futuro haxa unha maior representatividade á fronte das distintas estruturas. Para facérmolo
17 posíbel debemos tamén mudar os nosos hábitos e establecer mecanismos que faciliten e
18 consoliden esa participación. Este traballo debe ir parello a unha reivindicación duns servizos
19 públicos que atendan á demanda existente en materia de coidados e atención a crianzas e
20 maiores dependentes, por unha racionalización horaria que permita compatibilizar traballo
21 coas responsabilidades familiares, pola redución da xornada laboral que permita tamén ter
22 tempo libre para ser dedicado á vida persoal, facendo unha aposta decidida por erradicar
23 comportamentos discriminatorios, pulando por unha igualdade de oportunidades que sexa
24 unha realidade.

25 É preciso dar un paso máis na identificación dos comportamentos machistas que dan
26 orixe á violencia contra as mulleres. Concienciando á clase traballadora da necesidade de
27 poñerlles freo, de identificalos, de combatelos de raíz, socializando o termo feminicidio entre
28 a afiliación, para que interioricen, rexeiten e manifesten na rúa o seu rexeitamento ante a
29 magnitude dos asasinatos machistas.

30 Paralelamente, é preciso identificar e denunciar o machismo imperante na cultura empre-
31 sarial que ampara e pon en práctica discriminacións por razón de sexo e xénero no acceso
32 ao emprego, nas promocións, fendas salariais, categorías femininas infravaloradas, acoso.
33 Combater estas desigualdades e discriminacións debe ser un obxectivo prioritario da nosa
34 acción sindical para a nosa organización.

35 O noso modelo sindical debe seguir apostando polo asemblearismo e a participación.
36 Con ese obxectivo, desde a Comisión Nacional de Mulleres debemos seguir traballando por
37 fomentar os debates que se consideren necesarios ao respecto da situación sociolaboral
38 das mulleres galegas, da problemática que lles afecta, así como da presentación das liñas
39 de actuación sindical e medidas de combate aos ataques sobre os dereitos das mulleres.
30 Con ese fin, promoveranse encontros comarcais de delegadas e persoal da CIG, tal e como
41 vimos realizando nos dous encontros nacionais.

42 Eses debates deben ir parellos a unha actividade de axitación nas empresas, seguido
43 de mobilizacións na rúa, de xeito que consolidemos na sociedade a concepción de que a
44 CIG é unha organización sindical de clase vertebradora de propostas en materia de acción
45 feminista.

46
47

4.7. En relacións internacionais

A extensión da globalización e do pensamento e políticas neoliberais por todo o planeta está tendo innegábeis consecuencias negativas para a clase traballadora. A maiores, a crise capitalista dos últimos anos apróveitase tamén para incidir na mesma dirección, pretendendo converter a precariedade e a desregulación no modelo normalizado de relacións laborais.

A continuada e insistente ofensiva dos poderes económicos e as elites políticas que os representan, diríxese simultaneamente contra calquera contrapoder social que impida ou dificulte a consecución dos seus obxectivos. Os sindicatos, espazo central na defensa da clase son, por tanto, obxectivo permanente e sistemático de acoso.

Nunha alianza, polo demais evidente, poder económico e poder político artículanse para anular o movemento sindical mediante a individualización das relacións de traballo, a restrición e limitación práctica do dereito de folga, a persecución por afiliación e/ou actividade sindical, o debilitamento legal e institucional e a destrución da súa lexitimidade social mediante o descrédito nos medios de comunicación. Sen negociación colectiva, sen dereito de folga, con baixa afiliación e participación, o sindicalismo corre un gravísimo risco de desaparecer como instrumento central, útil e necesario da clase traballadora. Poderá conservar o nome, mais será outra cousa.

Esta situación, con maior ou menor intensidade, vívese hoxe a escala mundial. A propia Organización Internacional do Traballo (OIT) está sendo actualmente un escenario no que se cuestiona abertamente a conveniencia de que existan convenios internacionais de traballo de obrigado cumprimento ou de que se considere o dereito á folga como un dereito laboral inherente ás relacións de traballo. De ano en ano, vai asomando tamén na posición patronal na OIT a reiteración de que a negociación colectiva pode supor un obstáculo maior ao desenvolvemento económico, posición que, ao igual que as dúas anteriores, é compartida e defendida por numerosos gobernos.

Na mesma liña, os tratados bilaterais e/ou multilaterais de investimentos e libre comercio son, alén doutras cousas, unha vía privilexiada para a internacionalización da anulación efectiva, paulatina e simultánea, de dereitos laborais e sindicais nos estados que os subscriban.

Combater sindicalmente este estado de cousas require necesariamente de accións nacionais e internacionais. O sindicalismo, internacionalista desde o seu nacemento no século XIX, pode e debe ser un instrumento fulcral na resistencia a estas políticas e na súa derrota. Hoxe, como nunca antes, limitar estritamente a acción sindical ao ámbito territorial e político específico de cada organización sindical é claramente insuficiente nun contexto de hexemonía do capitalismo financeiro globalizado.

Constatar que as centrais sindicais mundiais teñen dificultades -externas e internas- para combater frontalmente o neoliberalismo, non deslexitima a súa existencia nin nega a súa necesidade como instrumento mundial da clase traballadora. No actual congreso, a CIG reafirma a súa vontade de colaboración e relacionamento coas estruturas sindicais mundiais e continentais existentes.

Comezaremos pois por manter e consolidar as nosas relacións e colaboración coas organizacións sindicais nacionalistas do Estado español, de Euskal Herria, Catalunya e Canarias (ELA, LAB, CSC, Intersindical Canaria...), coas que nos unen obxectivos políticos comúns, na defensa da soberanía dos nosos pobos, e modelos sindicais con moitas coincidencias. E propiciaremos a actuación conxunta de todas estas organizacións nos foros ou plataformas internacionais, para acadar o respecto e recoñecemento do resto de organizacións

1 e que as nosas aspiracións nacionais sexan incluídas nos debates, demandas e acordos
2 reivindicativos que se leven a cabo nestas. Seguiremos reforzando, así mesmo, as relacións
3 estreitas coa CGTP-IN de Portugal, polo bo entendemento e os lazos culturais que nos unen.

4 O continente europeo é o espazo xeográfico e histórico no que se desenvolve a nosa
5 existencia como nación. A maiores, non podemos ignorar que ese mesmo Estado que nos
6 nega nos converteu politicamente en cidadáns e cidadás da Unión Europea, séndonos de
7 aplicación todas as decisións tomadas en Bruxelas, en calquera que sexa o ámbito que se
8 considere: político, económico, social, laboral, xurídico, etc.

9 Consecuentemente, Europa debe ser, e é, o noso eixo prioritario de actividade sindical
10 internacional. Mais é tamén o espazo no que temos maiores dificultades, por dúas razóns:
11 por sermos unha nación sen estado, e por mor da belixerancia activa das dúas centrais
12 sindicais maioritarias do Estado español.

13 Somos, cómpre lembralo, a única central sindical europea representativa que non ten
14 afiliación internacional, e somos, a maiores, a única central sindical europea que sendo
15 membro do Comité Económico e Social do estado respectivo non é membro do Comité
16 Económico e Social Europeo. Estas dúas situacións reflicten perfectamente a situación
17 anómala da CIG en Europa.

18 A decisión tomada, en marzo do 2016, polo Consello Confederal de solicitar a nosa
19 afiliación na Confederación Europea de Sindicatos (CES) supón o inicio dunha etapa que
20 pode ser longa, dura e difícil para conseguir ser aceptados, mais que, se somos quen de
21 salvar as dificultades e o veto das dúas centrais sindicais maioritarias no Estado español,
22 acabará indefectibelmente na nosa regularización e recoñecemento no ámbito europeo
23 que, a outros niveis de traballo e colaboración, xa estamos tendo.

24 Nesta mesma liña, a CIG aspira a integrarse como membro de pleno dereito no Conse-
25 llo Sindical Interrexional Galiza/Norte de Portugal, renovando a solicitude presentada -con
26 resultado negativo- no 2004. A aceptación da nosa entrada na CES resolvería de xeito au-
27 tomático esta situación anómala, que nos exclúe do noso ámbito natural, a pesar da nosa
28 implantación e representatividade.

29 Sendo Europa obxectivo prioritario do noso traballo sindical internacional, a CIG reafirma
30 neste congreso a vontade de continuar a participación naquelas plataformas ou movemen-
31 tos europeos, sindicais ou con participación sindical, que persigan obxectivos coincidentes
32 cos nosos na loita contra esta Unión Europea neoliberal deseñada a medida do capital, e
33 promovendo a construción dunha Europa dos pobos socialmente xusta. Por iso seguiremos
34 implicados na Plataforma Alter Summit, e en todas as iniciativas que xurdan nesa liña.

35 Neste congreso renovamos a nosa intención de continuar a estreitar relacións sindicais
36 co mundo lusófono, como membros que somos deste ámbito cultural. Especial atención
37 prestaremos a Portugal, con quen nos une relacións xeográficas, históricas e culturais. Fa-
38 rémolo, tanto na propia Confederación Sindical de Países de Lingua Portuguesa (CSPLP),
39 na que estamos, como en encontros cos sindicatos que a compoñen.

30 Seguiremos mantendo o bo entendemento coas organizacións de Latinoamérica, na liña
41 en que o vimos facendo e que supoñen un amplo recoñecemento da CIG e o seu modelo
42 sindical, así como coa CSN do Quebec, coa que xa vimos mantendo unha estreita relación,
43 tanto polas semellanzas na situación política que padecemos, na nosa condición de nacións
44 sen estado, e pola coincidencia en moitas das demandas que formulamos, tanto na acción
45 sindical, como en relación a algúns conflitos internacionais.

46
47

5.- A españolización da sociedade galega

O medio máis eficaz para aniquilar a conciencia nacional dun pobo é borrar a súa memoria histórica, negar o seu pasado e inocular na conciencia colectiva a inviabilidade e imposibilidade de se gobernar por si mesma, sen subordinación nin sometemento a poderes externos. É por isto polo que todas as actuacións do poder institucional español, dos poderes económicos e das forzas políticas e sindicais españolas, co poder mediático ao seu servizo, están asentadas nestes principios. O pobo galego leva centos de anos de opresión e colonización, o que explica a súa escasa conciencia nacional, os prexuízos e a baixa autoestima. A nosa historia foi e é ocultada, negada e terxiversada e, no mellor dos casos, subordinada á española para manter unha historia falseada e oficial que xustifique a España actual. A nosa relevancia na etapa medieval como identidade lingüística e cultural e con entidade política foi encuberta coa finalidade de ir fixando unha tradición histórica na que Galiza non existiu nunca como entidade política e así asegurar a nosa dependencia económica e política e a continuación do papel que o poder oligárquico español nos ten asignado.

Os poderes reais españois (económicos, eclesiásticos, mediáticos e institucións) actúan todos nunha mesma dirección, silenciando, ou censurando as loitas, conquistas e aspiracións, protagonizadas polo pobo galego para afrontar a opresión e o sometemento. A ocultación da identidade leva a invisibilizar Galiza, a negar que fomos o primeiro reino de Europa, o esplendor do reino na Idade Media, a resistencia de máis de cen anos a ser dominados por Castela, a historia do nacionalismo e dos movementos sociais galegos, a resistencia contra o levantamento militar do 36, as loitas nacionais e sociais máis importantes etc. A manipulación e a ocultación, é dicir, a liquidación da nosa historia, loitas e tradicións son mecanismos para asentar a asimilación e a crenza de que non temos pasado como pobo, nin que durante moitos anos actuamos como suxeito político e que, por tanto, o natural é que continuemos a ser dependentes e subordinados. Cómpre valorar a tradición histórica, a loita obreira, labrega, mariñeira e popular que é silenciada e censurada. É preciso rescatar do silencio as loitas contra a inxustiza e a política represiva do Estado ao longo dos anos e as loitas máis significativas do movemento obreiro galego para facelos partícipes da conciencia colectiva do noso pobo.

Os nosos sinais de identidade e símbolos nacionais banalízanse, menosprézanse e detúrpanse para asimilalos e españolizalos. Minan a nosa identidade –o patrimonio cultural, etnográfico, musical, artístico, natural, etc.- para aniquilar a existencia de Galiza como pobo e negar o seu dereito a exercer como unha nación. E con esta finalidade, todos os resortes de poder actúan como poderosos instrumentos de asimilación, substitución e desprezo, inxectando no pobo prexuízos e baixa estima que o converten nun suxeito pasivo e sometido, que non cre no poder político soberano para avanzar social e economicamente.

Galiza padece un goberno galego transmisor do españolismo máis extremo, fiel gardián e propagador da imposición españolista, para liquidar todo o que é imprescindíbel para afirmarnos e identificarnos como galegos e galegas. A súa falta de acreditación no futuro do pobo galego lévao a actuar como vicerrei do centralismo máis rancio, sometendo Galiza a un campo de experimentación das políticas máis letais e españolizadoras do goberno de Madrid. Só se lles coñeceu iniciativa política na prohibición do ensino en lingua galega nas materias técnico-científicas, na supresión da obriga de realizar unhas das probas de acceso á función pública en galego, na non aplicación do Plan Xeral de Normalización Lingüística e na imposición do Decreto de plurilingüismo, ao mesmo tempo que non teñen reparo en incumprir a xa de por si cativa lexislación favorábel ao uso do noso idioma.

1 A política lingüística deseñada está empeñada en eliminar o uso público e social do
 2 noso idioma, conscientes de que a lingua é a obra máis importante de todos os galegos
 3 e galegas. O goberno do PP non ten reparo en realizar todo tipo de artimañas para conti-
 4 nuar prohibindo e perseguindo o galego, tanto no ensino como na xustiza e nos servizos
 5 públicos. Non dubida en inverter os papeis e artellar campañas baseadas na “imposición
 6 del gallego”, cando a lingua imposta, a dominante e a allea é o español, e a galega a su-
 7 bordinada, marxinada e prohibida.

8 A lingua é o elemento de cohesión máis determinante dun pobo e por iso o Estado es-
 9 pañol esfórzase en varrer todas as linguas e culturas distintas da española. A restauración e
 10 normalización do idioma e cultura propia están contraindicadas para o papel que a oligarquía
 11 española lle ten atribuído a Galiza. A subordinación, exclusión e prohibición do uso do ga-
 12 lego segue sendo unha constante nas relación sociais e laborais e motivo de represalias e
 13 despedimentos polo seu uso. Así, temos que evitar o uso do noso sinal de identidade para
 14 buscar traballo e agochar o seu uso no centro de traballo. Esta é a verdadeira realidade da
 15 “liberdade de opción de idioma” e da “imposición del gallego” que nos predicán.

16 O futuro do idioma irá parello ao futuro de Galiza como nación. A súa importancia na
 17 conformación colectiva é o que explica que sobrevivise como lingua social, aínda que des-
 18 prestixiada, subestimada e afastada de numerosos ámbitos e funcións pola colonización e
 19 pola carencia dunha clase dirixente propiamente galega, o que foi creando nun importante
 20 segmento da sociedade un complexo de inferioridade. Non se renuncia á lingua propia se
 21 non hai opresión. Son numerosos os atrancos e prohibicións ás que se teñen que enfrontar
 22 as persoas que fan uso do idioma en todos os ámbitos e funcións, mentres se constata
 23 que cada vez son menos os e as falantes que teñen o galego como lingua habitual, no-
 24 meadamente a mocidade. Non podemos acreditar en que o abandono do idioma se debe
 25 á liberdade de opción da sociedade galega, cando estamos nun contexto de dominio, de
 26 dependencia e de exclusión para o galego de centos de anos e padecemos 30 anos de
 27 gobernos do PP, caracterizados pola animadversión ao idioma e a todo o que nos organiza
 28 como galegos e galegas.

29 O centralismo sabe que cunha política favorábel á lingua galega, aínda nun marco legal
 30 limitado, a restauración e extensión dos usos e funcións do idioma serían máis doadas,
 31 a lingua resistiría mellor, con menor perda de falantes e máis concienciados. No entanto,
 32 non nos levemos a engano, necesitamos plena soberanía política e tronzar a dependencia
 33 e subordinación a España para unha normalización plena do idioma.

34 A españolización é a negación da nación galega, é a anulación da autoestima e da
 35 identidade colectiva que, xunto coa dependencia económica e o papel reservado a Galiza
 36 como fornecedora de materias primas, enerxía e man de obra barata, trae desemprego, en-
 37 vellecemento da poboación, peores servizos públicos, baixos salarios e maior precariedade
 38 laboral. Todo isto hoxe agravado pola actual fase do capitalismo globalizado (imperialis-
 39 mo) que impón uns patróns culturais e ideolóxicos homoxeneizados e uniformizados, que
 40 exclúen e negan as manifestacións culturais propias cohesionan os pobos e nacións sen
 41 estado e convértense en oposición a concentración económica e de poder do capitalismo
 42 na súa fase globalizadora.

43 Hoxe, o proceso de aculturación e españolización, aínda sendo, ás veces, máis sutil, é
 44 moito máis acelerado e abafante, pois conta con máis poderosos e amplos mecanismos
 45 de asimilación como consecuencia da globalización. Os referentes e modelos culturais son
 46 máis uniformizados e alleos a Galiza e á nosa idiosincrasia. A nosa creación artística, musi-
 47

1 cal e cultural segue marxinada en todos os seus ámbitos e formatos. Os nosos referentes
2 históricos, as nosas creadoras e escritoras, as conmemoracións de sucesos e episodios
3 históricos pasa desapercibidos para o poder instituído.

4 Consideración especial polo seu papel españolizador merece a actitude e comportamen-
5 to dos medios de comunicación diarios, tanto os escritos como televisivos e radiofónicos.
6 Un factor determinante é a carencia absoluta de medios de comunicación convencionais
7 escritos en galego e a ausencia de Galiza como marco referencial e centro da información.
8 A manipulación, a ocultación da actividade social, da conflictividade laboral e do traballo
9 cultural é o denominador común. Están de costas a Galiza e non acreditan no seu futuro,
10 actuando como bastións da centralización e españolización e das modas e culturas alleas.
11 A realidade é que o galego está ausente das súas páxinas ou programas, malia as subven-
12 cións que reciben, chegando a traducir as declaracións feitas en galego.

13 O ensino na Galiza é o resultado dun estado centralizador que procura perpetuar a colo-
14 nización e a desgaleguización mediante a Educación, eido privilexiado para desvalorizar o
15 propio, ocultar a nosa historia e cultura, prohibir o ensino en galego, terxiversar ou manipular
16 todo o que contribúe a formar o noso ser colectivo. O poder central, coñecedor da impor-
17 tancia dos sistemas educativos para asegurar a ideoloxía dominante e a negación de Galiza
18 como nación, non dubida en manter as competencias fundamentais na propia Constitución
19 e en todas as leis educativas para facer inviábel a conformación dun verdadeiro sistema
20 educativo galego, inserido na nosa realidade nacional, social, cultura, lingüística e histórica
21 ao servizo de necesidades do pobo. Os programas educativos continúan reproducindo
22 unha visión totalmente españolizadora, excluindo todo o que conforma a realidade nacional
23 e social galega. Todo isto agravado coa aplicación da LOMCE, pensada para acrecentar
24 máis aínda a uniformización e a españolización do ensino. Soamente con plena soberanía
25 se poderá deseñar, ordenar e planificar a educación en Galiza, baixo parámetros galegos.

26 Difícil será avanzar na concienciación social, conseguir máis adhesión á causa soberanista
27 e maior benestar social se, ao mesmo tempo, non conseguimos para o noso idioma e a nosa
28 cultura o estatus que lle corresponde. Somos conscientes de que un pobo privado da súa
29 identidade colectiva está incapacitado para actuar e prosperar económica e socialmente e
30 desenvolver as súas propias capacidades e potencialidades.

31 O proceso de toma de conciencia nacional e social é o único antídoto contra a españolizi-
32 zación da sociedade galega e basilar para acreditar na necesidade de tronzar a dependencia
33 económica, de ter capacidade política, de normalizar a nosa lingua e cultura e coñecer e
34 valorar a nosa historia. En definitiva, para poderemos exercer como galegos e galegas a
35 tempo completo.

36 Recuperemos a autoestima de ser galegos e galegas, conscientes de termos unha
37 lingua e cultura para usala, e contribuír así ao avance cara a unha Galiza soberana, libre,
38 máis xusta e igualitaria.

6.- Soberanía e dereitos laborais e sociais

O dereito a ser, a decidir, á autodeterminación e á plena soberanía é un dereito universal de todas as nacións. Non se trata, por tanto, de ningunha concesión do estado opresor. Galiza como nación e pobo ten o dereito a exercer a libre determinación e a poderse gobernar por si mesma con total independencia e sen inxerencias externas. O exercicio da autodeterminación comporta, desde a total soberanía, poder constituírse en estado independente ou confederarse con outras nacións, mais sempre desde o principio irrenunciábel de que o titular da soberanía é o pobo galego. É unha evidencia que este dereito colectivo e democrático é negado de maneira virulenta e antidemocrática no Estado español.

O actual capitalismo globalizado necesita debilitar e eliminar barreiras soberanas para seguir expandíndose sen límites e concentrar máis poder e riqueza. Hoxe, máis que nunca, a loita pola soberanía evidénciase como a antítese do capitalismo globalizado (imperialismo). Así se explica que a Unión Europea se asente na usurpación da soberanía dos estados e na negación dos pobos para acadar unha maior centralización e concentración do poder en institucións que nin son controladas nin elixidas democraticamente. Queren asegurar así un modelo económico e social profundamente desigual e deshumanizado que conxuga a eliminación de dereitos laborais e sociais coa perda de soberanía. Unha nova orde mundial, a construción do socialismo, ten que sustentarse en pobos e nacións libres, soberanas, non sometidas nin dominadas e respectuosas coa diversidade cultural e lingüística. En consecuencia, temos que ir construíndo capacidade de decidir co fortalecemento de organizacións propias para combater o neoliberalismo, pois hoxe o exercicio da soberanía dos pobos é o impedimento máis poderoso co que se encontra o imperialismo.

Sermos libres como pobo comporta actuar e decidir sen intromisións e decisións alleas, organizar a nosa economía e sociedade baixo parámetros propios, con criterios de sustentabilidade, de igualdade, benestar social e xustiza, e poder liberarnos do xugo da españolización e da colonización. Necesitamos soberanía política para crebar o dominio e a opresión e crear outra orde social e económica ao servizo das clases populares. O exercicio da soberanía é a contraposición á globalización, que fundamenta a súa existencia no sometemento, no intercambio desigual e na imposición, fronte aos movementos nacionalistas que procuran tronzar a dependencia e construír unha sociedade democrática, igualitaria e soberana.

Nunha nación como a galega, a liberación nacional e social son indisociábeis. Son caras dunha mesma moeda, pois a contradición de clase está condicionada e caracterizada pola dependencia política. De aí a necesidade de acrecentar a conciencia política para comprender que o noso subdesenvolvemento se debe á nosa dependencia. O exercicio da soberanía contribúe á transformación social e económica e á mellorar substancialmente a calidade de vida da clase traballadora. É, por tanto, o nacionalismo e a autoorganización do pobo e da clase traballadora a que nos fai avanzar cara á soberanía, debilitar o imperialismo e facilitar a democratización e a emancipación social.

O acrecentamento da centralización do poder, a nosa condición de colonia e o papel que nos foi atribuído pola oligarquía centralista agravouse co proceso de globalización e coa crise do sistema, cuxas consecuencias foron letais para a clase traballadora. A falta de soberanía de Galiza é o que explica que os nosos recursos creen riqueza e acumulación de capital noutros lugares e que continuemos fornecendo de materias primas, enerxía, aforro e man de obra barata outros territorios do Estado. Ao mesmo tempo, destrúense os nosos sectores produtivos básicos e estratéxicos, que condena amplos sectores da clase traballadora á miseria e á pobreza. Temos unha poboación avellentada, uns dos

1 salarios máis baixos do Estado, as pensións máis reducidas, unha precariedade laboral
 2 insufribel e unha taxa de paro disparatada que obriga a mocidade a emigrar. Cómpre
 3 desenmascarar a idea do Estado español como benfeitor e a de Galiza como inviábel
 4 por si mesma. Esa posición ideolóxica terá menos peso canto máis conciencia nacional
 5 acumulemos.

6 A emancipación da clase traballadora galega pasa inexorablemente por conseguir a
 7 soberanía plena, pois non é posíbel que haxa homes e mulleres libres en nacións asoballa-
 8 das. Ter soberanía supón ter plena capacidade para apostar por un modelo de economía
 9 autocentrada e un desenvolvemento sostíbel que xere riqueza, emprego de calidade e
 10 benestar social; desenvolva as potencialidades dos nosos recursos naturais e sectores
 11 produtivos (leiteiro, pesqueiro, enerxético, naval, forestal, etc.), mediante a súa expansión,
 12 diversificación e innovación, e peche os ciclos produtivos na Galiza, a fin de crear valor
 13 engadido, pleno emprego e salarios dignos.

14 A soberanía suporá a defensa do noso sector pesqueiro como sector estratéxico, a ne-
 15 gociación directa dos acordos e a xestión das nosas augas xurisdicionais para evitar que o
 16 seu potencial se vexa minguado, facilitar unha industria competitiva e crear emprego. Tamén
 17 implicará deseñar unha política agraria propia, ter soberanía alimentar, fixar poboación e
 18 desenvolver todas as potencialidades do rural e apostar pola diversidade produtiva. Só con
 19 soberanía, o rural galego tomará dinamismo e desenvolverá as potencialidades necesarias
 20 para se liberar das decisións que até o de agora tomou o Estado español e a UE e que
 21 conduciron o agro galego ao abandono e á prohibición de producir.

22 Só con soberanía política, poderíamos ordenar, decidir, utilizar e dispor da enerxía que
 23 producimos. Remataríamos co espolio, a inxustiza e a discriminación á que estamos some-
 24 tidos e gozaríamos dunha tarifa eléctrica galega para evitar que sendo exportadores do 40%
 25 da enerxía teñamos que pagar o mesmo que outras zonas do Estado que só son consumi-
 26 doras. Con soberanía enerxética, en boa medida, daríase solución ás empresas con ameza
 27 de inviabilidade polo custo desta, teríamos nas nosas mans un recurso fundamental para
 28 o desenvolvemento industrial e máis posibilidades para apostar polas enerxías renovábeis.

29 A visión e os intereses centralistas orixinaron unhas infraestruturas desaxeitadas que para
 30 nada vertebran o país. O actual deseño supón unha limitación para un desenvolvemento
 31 integral que considere as necesidades e a distribución da poboación. Precisamos un mo-
 32 delo de infraestruturas e de transporte público que vertebre o país, que dea prioridade ao
 33 transporte ferroviario, tanto de pasaxeiros como de mercadorías, que se articule en función
 34 dos intereses galegos e que comunique as diferentes comarcas que hoxe non dispoñen
 35 deste servizo (Barbanza, Costa da Morte, Baixo Miño...).

36 O modelo de financiamento é un dos mecanismos máis eficaces do centralismo. É unha
 37 das evidencias máis contundentes da dependencia de Galiza, pois ao non ser nin deposi-
 38 tarios nin dispoñer do recadado imposibilita que Galiza deseñe as súas propias políticas
 39 sociais, laborais e económicas e xestione os recursos públicos con criterio propio e inde-
 40 pendencia, e atendendo ás necesidades dos galegos e galegas. Por outra parte, en contra
 41 do que se propaga, Galiza destina unha parte importante dos seus impostos ao centro. Así,
 42 por exemplo, no ano 2015, a diferenza do recadado en Galiza e o que recibiu en transfe-
 43 rencias foi de 4 millóns de euros menos. Ese falso discurso dunha Galiza subsidiaria non
 44 é só atribuíbel ao PP, senón que é compartido polas forzas sindicais e políticas españolas,
 45 independentemente da súa adscrición ideolóxica, e polos poderes económicos e mediáti-
 46 cos. Todo para xustificar o actual status quo e impedir que exerzamos a responsabilidade
 47 de nos gobernar a nós mesmos.

1 Ter capacidade de decisión faría posíbel ter unha Axencia Tributaria galega con plenas
2 competencias e un sistema fiscal propio, máis xusto e equitativo, no que se graven máis os
3 impostos directos e se aumente a presión fiscal ás rendas máis altas. Unha política impo-
4 sitiva máis solidaria e equilibrada, asegurando que as empresas con actividade en Galiza
5 tributen aquí e non en Madrid (preto de 4.000 empresas non tributan en Galiza malia ter
6 actividade aquí). En definitiva, un modelo fiscal ao servizo dun modelo social e económico
7 máis xusto, igualitario e solidario.

8 O actual sistema bancario eliminou as caixas de aforro galegas e as entidades galegas
9 foron absorbidas por grupos estranxeiros. Galiza ficou sen instrumentos financeiros propios,
10 provocando máis dependencia e subordinación ao poder financeiro central. Padecemos
11 un sistema bancario totalmente privatizado e foráneo, contrario aos intereses galegos, que
12 leva 16.000 millóns de euros do aforro dos galegos e galegas para investir, dinamizar e
13 desenvolver economicamente outros lugares do Estado e xerar subdesenvolvemento en
14 Galiza. Sen soberanía financeira non é posíbel soberanía política e viceversa. Precisamos
15 capacidade política para conseguir unha política financeira propia, fundamentada nunha
16 banca pública e galega, ao servizo da maioría social e da dinamización económica de Galiza.

17 Temos un estado propio e soberano suporía dispor dun marco galego de relacións
18 laborais e de negociación colectiva sen interferencias, disposicións e negociacións alleas
19 á clase traballadora galega. Poderíase legislar, baixo parámetros galegos e intereses da
20 clase traballadora, toda a materia laboral, a política de emprego e o sistema de representa-
21 ción sindical, é dicir, os dereitos, os salarios e as condicións laborais da clase traballadora
22 galega. Non estaríamos sometidos ao resultado das imposicións e pactos sociais de corte
23 centralista e antisocial, e desfariámonos da centralización da negociación colectiva que
24 supón padecer convenios con baixos salarios e alta precariedade. No actual contexto do
25 capitalismo neoliberal, de máxima concentración e centralismo do poder e do capital, a
26 creación de novos marcos de soberanía debilita o neoliberalismo e facilita normas laborais
27 máis favorábeis á clase traballadora e maior benestar social.

28 Con soberanía Galiza tería capacidade para artellar uns servizos públicos universais
29 -única garantía de maior benestar, igualdade e cohesión social- mediante a gratuidade e
30 universalidade do ensino de 0 a 18 anos e un sistema de saúde público, universal e gratuíto
31 que cubra todas as necesidades sanitarias da poboación galega. Facilitaría unha protección
32 social universal que dese cobertura á dependencia e á conciliación, mediante un sistema
33 galego integral de servizos sociais. Articularíase a protección pública por desemprego,
34 teríase competencia para implantar o salario de inserción laboral e daríase prioridade ao
35 investimento para a creación de emprego.

36 Con soberanía, asegurariamos un sistema público galego de pensións cun fondo de
37 reserva propio, partindo dun sistema de cotizacións sociais máis xusto e equilibrado, fi-
38 nanciado co incremento dos salarios, maior taxa de actividade e emprego, recoñecemento
39 do traballo doméstico, florecemento da economía somerxida e rematar coa fraude fiscal
30 deixariamos de ter as pensións máis baixas do Estado.

41 A soberanía é imprescindible para que o noso idioma teña plenos dereitos e se restaure
42 socialmente en todos os ámbitos e con todas as funcións, para desterrar prexuízos e a si-
43 tuación de diglosia actual e para garantir un ensino en galego en todos os niveis educativos
44 e materias, mediante a inmersión lingüística. É dicir, a plena normalización.

45 Só con estruturas soberanas poderemos normalizar e pór en valor a nosa cultura en
46 todos os seus ámbitos, manifestacións, funcións e dimensións. Coñecer e potenciar todo
47 o noso patrimonio cultural, artístico, etnográfico, histórico, tradicional e musical e darlle

1 dimensión social e económica como fonte de emprego. Só así poderíamos conformar un
2 sector cultural forte e actuar en chave de país.

3 A soberanía é imprescindible para conseguir un sistema de ensino galego, enraizado na
4 nosa realidade nacional e social e ao servizo da transformación social e do desenvolvemento
5 de Galiza, que sexa exclusivamente público, galego, laico, coeducativo e gratuito e deixe
6 de actuar como axente importante de colonización e españolización.

7 En resumo, sen poder político soberano non podemos deseñar políticas laborais, eco-
8 nómicas e sociais favorábeis aos intereses e necesidades da maioría social. Por iso, o noso
9 proxecto sindical forma parte do movemento nacionalista galego, sabedores de que a loita
10 nacional e social son indisolúbeis. A soberanía supón que poidamos decidir a sociedade
11 que queremos, o modelo económico polo que apostamos, rematar coa emigración, pór
12 freo á perda de poboación, crear emprego de calidade e estábel, termos salarios máis altos,
13 un marco galego de relacións laborais e de negociación colectiva, uns servizos públicos
14 gratuítos universais, desenvolver os sectores produtivos para rematar coa dependencia, o
15 espolio e a deterioración ambiental; crear un sector público empresarial galego, recuperar
16 e activar o sector naval, agrario e pesqueiro; desenvolver unha política de I+D e innovación
17 centrada no desenvolvemento industrial e económico, autocentrada e sostíbel e pór en
18 marcha os sectores produtivos galegos, completando todo o seu ciclo de produción. Teria-
19 mos competencias plenas para dispor dos nosos recursos enerxéticos e materias primas,
20 elementos necesarios para o desenvolvemento económico e a mellora social. Dotariámonos
21 dun sistema financeiro público e galego, dunha fiscalidade, sistema de pensións e seguri-
22 dade social propia e valorizaríamos e normalizaríamos a nosa lingua e cultura.

23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

Galiza, 3 de marzo de 2017
Consello Confederal da CIG



Confederación Intersindical Galega
